



XESTIÓN
DO SOLO
DE GALICIA



Febreiro
2022

PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO AMPLIACIÓN PARQUE EMPRESARIAL PALAS DE REI – LUGO. FASE III

APROBACIÓN INICIAL

Antonio López López
Enxeñeiro Camiños, Canais e Portos
Colexiado nº 17.286



PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO

AMPLIACIÓN PARQUE EMPRESARIAL PALAS DE REI – LUGO. FASE III

APROBACIÓN INICIAL

ÍNDICE XERAL

DOCUMENTO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
01	27040_PIA_202202_AI_MX_01INF	DOCUMENTO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA PARTE I. INFORMACIÓN
02	27040_PIA_202202_AI_MX_02XUST	DOCUMENTO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA PARTE II. XUSTIFICACIÓN
03.1	27040_PIA_202202_AI_MX_03.1 ANX_FICHA	ANEXO I – CADRO DE CARACTERÍSTICAS DA ORDENACIÓN
03.2	27040_PIA_202202_AI_MX_03.2 ANX_MOB	ANEXO II - ESTUDO DE AVALIACIÓN DA MOBILIDADE
03.3	27040_PIA_202202_AI_MX_03.3 ANX_VIXENCIA	ANEXO III – FICHA DE VIXENCIA DO PLANEAMENTO
03.4	27040_PIA_202202_AI_MX_03.4 ANX_PAISAXE	ANEXO IV - ESTUDO DA PAISAXE URBANA
03.5	27040_PIA_202202_AI_MX_03.5 ANX_TOPOGRAFICO	ANEXO V – LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO
03.6	27040_PIA_202202_AI_MX_03.6 ANX_XEOTECNICO	ANEXO VI – ESTUDO XEOTÉCNICO
03.7	27040_PIA_202202_AI_MX_03.7 ANX_ARQUEOLOXIA	ANEXO VII - MEMORIA TÉCNICA PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA
03.8	27040_PIA_202202_AI_MX_03.8 ANX_HIDROLOXICO	ANEXO VIII - ESTUDIO HIDROLÓXICO





03.9	27040_PIA_202202_AI_MX_03.9ANX_PALAS	ANEXO IX – INFORME SUFICIENCIA MEDIOS CONCELLO PALAS DE REI (Saneamento, abastecemento, e alumeado público)
03.10	27040_PIA_202202_AI_MX_03.10ANX_FENOSA	ANEXO X – INFORME SUFICIENCIA MEDIOS UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S. A.
03.11	27040_PIA_202202_AI_MX_03.11ANX_R	ANEXO XI – INFORME SUFICIENCIA MEDIOS R (Telecomunicacións)
03.12	27040_PIA_202202_AI_MX_03.12ANX_TELEFONICA	ANEXO XII – INFORME SUFICIENCIA MEDIOS TELEFÓNICA (Telecomunicacións)
03.13	27040_PIA_202202_AI_MX_03.132ANX_GAS	ANEXO XIII – INFORME SUFICIENCIA MEDIOS NEDGIA REDES DISTRIBUCIONES GAS, S.A
03.14	27040_PIA_202202_AI_MX_03.14ANX_DECLARACION	ANEXO XIV DECLARACIÓN RESPONSABLE* *(Anexo IX das Normas Técnicas de Planeamento)

DOCUMENTO II: PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
01	27040_PIA_202202_AI_PINF_01EX	SITUACIÓN DO SECTOR EN RELACIÓN COA ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO
02	27040_PIA_202202_AI_PINF_02ORD	SITUACIÓN DO SECTOR EN RELACIÓN COAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE PALAS DE REI
03	27040_PIA_202202_AI_PINF_03DEL	DELIMITACIÓN DO SECTOR
04	27040_PIA_202202_AI_PINF_04ORTOF	ORTOFOTOMAPA
05	27040_PIA_202202_AI_PINF_05PSOAG	DELIMITACIÓN DO SECTOR EN RELACIÓN CO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE





		GALICIA (PSOATEG)
06	27040_PIA_202202_AI_PINFS_01TOPO_t	TOPOGRÁFICO CON CURVAS DE NIVEL
07	27040_PIA_202202_AI_PINFS_01TOPO_h	HIPSOMÉTRICO (RELEVO)
08	27040_PIA_202202_AI_PINFS_01TOPO_c	CLINOMÉTRICO (PENDENTE %)
09	27040_PIA_202202_AI_PINFS_02CATASTRO	CATASTRAL
10	27040_PIA_202202_AI_PINFS_03ACTUAL	EDIFICACIÓNS, USOS E VEXETACIÓN EXISTENTES
11	27040_PIA_202202_AI_PINFS_04IOT_AFEC	AFECCIÓNS FÍSICAS E XURÍDICAS QUE INFLÚAN NO ÁMBITO
12	27040_PIA_202202_AI_PINFS_05RISCOS	XEOMORFOLÓXICO E DE ÁREAS DE RISCOS XEOLÓXICOS E NATURALS
13	27040_PIA_202202_AI_PINFS_06PROTECC	ELEMENTOS AMBIENTAIS E DO PATRIMONIO CON VALORES QUE HAI QUE PRESERVAR
14	27040_PIA_202202_AI_PINFS_07AGUA	INFRAESTRUTURA ABASTECIMENTO AUGA EXISTENTE
15	27040_PIA_202202_AI_PINFS_08SANEA	INFRAESTRUTURA SANEAMENTO EXISTENTE
16	27040_PIA_202202_AI_PINFS_09ELEC	INFRAESTRUTURA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA EXISTENTE
17	27040_PIA_202202_AI_PINFS_10GAS	INFRAESTRUTURA GAS EXISTENTE
18	27040_PIA_202202_AI_PINFS_11TELF	INFRAESTRUTURA TELECOMUNICACIÓNS EXISTENTE
19	27040_PIA_202202_AI_PINFS_12AL	INFRAESTRUTURA ALUMEADO PÚBLICO EXISTENTE



DOCUMENTO III: PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
20	27040_PIA_202202_AI_PORD_01USOS	ASIGNACIÓN DE USOS PORMENORIZADOS
21	27040_PIA_202202_AI_PORD_01USOS_URB	PROPOSTA DE URBANIZACIÓN
22	27040_PIA_202202_AI_PORD_01USOS_URB_SECC	SECCIONES VIALES
22.01	27040_PIA_202202_AI_PORD_01USOS_URB_SECC_01	SECCIONES LONGITUDINALES VIALES
22.02	27040_PIA_202202_AI_PORD_01USOS_URB_SECC_02	SECCIONES TRANSVERSALES VIALES
22.03	27040_PIA_202202_AI_PORD_01USOS_URB_SECC_03	SECCIONES TRANSVERSALES VIALES
23	27040_PIA_202202_AI_PORD_03LIS_ABAST	SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVICIOS. ABASTECIMIENTO DE AUGA
24	27040_PIA_202202_AI_PORD_03LIS_SANEA	SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVICIOS. SANEAMENTO
25	27040_PIA_202202_AI_PORD_03LIS_ELEC	SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVICIOS. SUMINISTRACIÓN ELÉCTRICA
26	27040_PIA_202202_AI_PORD_03LIS_GAS	SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVICIOS. GAS
27	27040_PIA_202202_AI_PORD_03LIS_TELF	SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVICIOS. TELECOMUNICACIÓN
28	27040_PIA_202202_AI_PORD_03LIS_AL	SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVICIOS. ALUMEADO

DOCUMENTO IV: NORMATIVA URBANÍSTICA

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
01	27040_PIA_202202_AI_NU	NORMATIVA URBANÍSTICA



DOCUMENTO V: CATÁLOGO

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
	NON HAI CATÁLOGO	NON HAI CATÁLOGO

DOCUMENTO VI: ESTUDO ECONÓMICO

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
01	27040_PIA_202202_AI_EE_01EE	ESTUDO ECONÓMICO
02	27040_PIA_202202_AI_EE_02MVE	MEMORIA VIABILIDADE ECONÓMICA

DOCUMENTO VII: AVALACIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
01	27040_PIA_202202_AI_AAE_01DAE	DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (DAE)
02	27040_PIA_202202_AI_AAE_02ALTO	PLANO DE ALTERNATIVA 0
03	27040_PIA_202202_AI_AAE_03ALT1	PLANO DE ALTERNATIVA 1
04	27040_PIA_202202_AI_AAE_04ALT2	PLANO DE ALTERNATIVA 2
05	27040_PIA_202202_AI_AAE_05IAE	INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO (IAE)
06	27040_PIA_202202_AI_AAE_06.1EXTRACTO	ANEXO I MODELO DE EXTRACTO AMBIENTAL* *(Anexo VI das Normas Técnicas de Planeamento)



DOCUMENTO VIII: MODIFICACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO

Nº	Codificación do arquivo	Denominación
01	27040_PIA_202202_AI_MOD_ODPXOM_01MX	MODIFICACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO
02	27040_PIA_202202_AI_MOD_ODPXOM_02PORD	PLANO MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO. DELIMITACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL. FASE III



ÍNDICE

DOCUMENTO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA	1
PARTE I. INFORMACIÓN.....	1
1. OBXECTO	1
2. CONTIDO E ESTRUTURA DO PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO	1
3. AXENTES.....	3
4. INFORMACIÓN URBANÍSTICA	6
4.1. NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE PALAS DE REI DE 1.994 (NSP)	6
4.2. MODIFICACIÓN PUNTUAL 1 DAS NSP DE 21/09/2000 (MP1 NSP)	7
4.3. MODIFICACIÓN PUNTUAL 1 DO PLAN PARCIAL DE 01/02/2019 (MP1 PP)	8
4.4. PLAN BÁSICO AUTONÓMICO	10
5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO	11
5.1. CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO.....	11
5.1.1. Territorio e clima	11
5.1.2. Calidade do aire.....	11
5.1.3. Xeoloxía	11
5.1.4. Cursos de auga	12
5.1.5. Áreas estratéxicas de conservación	15
5.1.6. Flora e vexetación	15
5.1.7. Fauna	16
5.2. USOS, EDIFICACIÓNS E INFRAESTRUTURAS EXISTENTES E DA PROPIEDAD	16
5.2.1. Abastecemento	16
5.2.2. Saneamento	17
5.2.3. Enerxía eléctrica.....	17
5.2.4. Infraestruturas de gas	18
5.2.5. Telecomunicacións.....	19
5.3. INFORMACIÓN SOCIOECONÓMICA	20
5.4. USOS DO SOLO	26
6. RELACION TITULARES CATASTRAIS	26
7. CONDICIONANTES URBANÍSTICOS	28
7.1. NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO	28
7.2. AFECCIÓNS SECTORIAIS	28
7.2.1. Infraestruturas.....	29





7.2.2.	Augas	29
7.2.3.	Patrimonio cultural	29
7.2.4.	Concesións mineiras	29
8.	ESTUDOS SOBRE O ÁMBITO	29
8.1.	ESTUDO TOPOGRÁFICO	29
8.2.	ESTUDO XEOTÉCNICO	29
8.3.	ESTUDO ARQUEOLÓXICO.....	29
8.4.	ESTUDO HIDROLÓXICO	31
8.5.	INFORMES DE SUFICIENCIA.....	31

DOCUMENTO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA

PARTE I. INFORMACIÓN

1. OBXECTO

O obxecto do presente proxecto será o de aportar a documentación precisa que posibilite a aprobación inicial do Proxecto Interese Autonómico da Ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei (Lugo) Fase III tras rematar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do seu borrador.

O Proxecto Interese Autonómico ten por obxecto o desenvolvemento da ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei, segundo as determinacións establecidas na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (en diante LOT).

2. CONTIDO E ESTRUTURA DO PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO

O proxecto de interese autonómico detallará as determinacións do plan sectorial que desenvolva, de ser o caso, e, como mínimo, conterán as seguintes determinacións (Artigo 44 da LOT):

- Identificación completa da administración pública, entidade mercantil, persoa física ou xurídica promotora do proxecto e responsable da súa execución.
- Identificación da localización das actuacións obxecto do proxecto, de acordo ca delimitación establecida no correspondente plan sectorial, de ser o caso, ou delimitación do ámbito no caso dun proxecto de interese autonómico non previsto, e descrición dos terreos nel comprendidos e das súas características, usos do solo e aproveitamentos existentes e previstos para o seu adecuado funcionamento.
- Descrición detallada da ordenación e das características técnicas da actuación obxecto do proxecto.
- Xustificación da coherencia entre as actuacións proxectadas e as previsións contidas nas Directrices de ordenación do territorio e noutros instrumentos de ordenación do territorio vixentes no ámbito.
- Incidencia no planeamento municipal vixente no termo ou termos municipais en que se asente a actuación, ca indicación das determinacións do dito planeamento que resultarán modificadas conxuntamente ca aprobación do proxecto de interese autonómico.
- Determinación da nova clasificación e cualificación do solo, así como as determinacións de carácter xeral e pormenorizado que, de ser o caso, sexan precisas segundo a clase e a categoría de solo.
- Duración temporal estimada da súa execución e prazos de inicio e remate das obras, desde a entrada en vigor do proxecto de interese autonómico, ca determinación, se é o caso, das fases en que se divida a dita execución.
- Recursos económicos afectados á actuación.
- Estudo da incidencia sobre o territorio físico, afeccións ambientais e paisaxísticas e medios de corrección ou minimización delas.
- Identificación das infraestruturas verdes precisas para mitigar, entre outros, a alteración, a perda e a fragmentación de hábitats e a deterioración de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais.
- Os proxectos de interese autonómico que impliquen a transformación urbanística do solo deberán conter, ademais das determinacións exixidas neste artigo, as que se indican no artigo 68 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para os plans parciais.
- No caso de que o proxecto de interese autonómico se refira á implantación de equipamentos ou solos destinados a vivendas protexidas ou á realización de actividades económicas, xustificación do cumprimento dos estándares urbanísticos para o solo urbanizable, de acordo co disposto na normativa urbanística vixente.
- Calquera outra que veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.



O presente proxecto de interese autonómico contén os seguintes documentos (Artigo 45 da LOT):

- **DOCUMENTO 01.-** Unha **memoria** na que se detallan:

Xustificación da coherencia e oportunidade para a súa formulación e do interese público e utilidade social da actuación.

Xustificación da idoneidade da localización elixida no caso de proxectos de interese autonómico non previstos ou de acomodo ao plan sectorial que desenvolve o proxecto.

Descrición das características técnicas das actuacións obxecto do plan, así como do ámbito territorial afectado.

Estudo da incidencia territorial da actuación prevista, especialmente sobre os núcleos de poboación, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais e medios de corrección ou de minimización de impactos.

Xustificación do cumprimento das normas de aplicación directa contidas nos artigos 91 e 92 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e, de ser o caso, dos estándares urbanísticos correspondentes ás clases de solo que resulten da nova ordenación.

Análise da relación do contido do proxecto de interese autonómico co planeamento urbanístico vixente.

Documentación gráfica a escala adecuada para a correcta medición e identificación das súas determinacións e difusión do seu contido, que incluírá, polo menos:

- **DOCUMENTO 02.-** Planos de información expresivos das características naturais, físicas e topográficas actuais dos terreos afectados polo proxecto, así como da estrutura da propiedade e da clasificación e cualificación urbanística de acordo co planeamento vixente, incluíndo a rede de infraestruturas viarias e demais servizos urbanísticos existentes.
- **DOCUMENTO 03.-** Planos de ordenación expresivos da ordenación urbanística prevista no proxecto, identificando as determinacións correspondentes tanto á ordenación estrutural como á detallada, e descritivos, co grao de desenvolvemento suficiente, do obxecto do proxecto e de todas as obras necesarias para a súa correcta execución. Se é o caso, deberán definir todas as obras necesarias para a eficaz conexión do proxecto cos correspondentes redes xerais de servizos e as igualmente necesarias para manter a operatividade e a calidade do servizo prestado polas infraestruturas existentes.
- **DOCUMENTO 04.- Normativa**
Regulamentación detallada do uso pormenorizado, do volume, das características técnicas e funcionais e das condicións de deseño e de adaptación ao medio ambiente das actuacións obxecto do proxecto de interese autonómico.
- **DOCUMENTO 05.- Documentación** exixida pola lexislación de **avaliación ambiental**.
- **DOCUMENTO 06.- Memoria económica**

Estudo económico e financeiro xustificativo da viabilidade do proxecto, en termos de rendibilidade, así como, en todo caso, a identificación das fontes de financiamento e dos medios con que conte a persoa promotora para facer fronte ao custo total previsto para a execución do proxecto.

Informe de sustentabilidade económica, no que se ponderará en particular o impacto da actuación nas facendas públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como, se é o caso, a suficiencia e a adecuación do solo destinado a usos produtivos.



Tamén se preverá a eventual constitución ulterior dunha entidade urbanística de conservación da urbanización.

Orzamento.

- **DOCUMENTO 07.-** Documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

Documento de asunción expresa, fidedigno e en firme, por parte da persoa promotora do proxecto de interese autonómico, das obrigas que, se é o caso, comporte a execución da actuación.

No caso de proxectos de interese autonómico que supoñan transformación urbanística do solo, deberán conter, ademais da documentación exigida neste artigo, a que se indica no artigo 69 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para os plans parciais.

Síntese e conclusións do proceso de participación pública.

Calquera outra documentación que poda vir establecida no plan sectorial que desenvolvan, no caso dos proxectos de interese autonómico previstos.

Ademais do anterior, a Disposición adicional quinta da LOT relativa ós Plans sectoriais e proxectos de interese autonómico relativos a parques empresariais e parques eólicos recolle o seguinte:

*“Os plans e proxectos sectoriais e os proxectos de interese autonómico relativos ó desenvolvemento de solo empresarial regularanse integramente polas disposicións contidas na **Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia**, sen prexuízo da aplicación do disposto nesta lei para as cuestións que non estean expresamente reguladas na lei sinalada.”*

3. AXENTES

O presente Proxecto de Interese Autonómico da Ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei (Lugo) Fase III é promovido polo seguinte ente público:

PROMOTOR do PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA XESTUR, S.A.

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA - XESTUR, S. A., empresa pública de promoción de actuacións urbanísticas, participada polo INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E O SOLO (I.G.V.S).

C.I.F. **A70392758**

Director e redactor **D. ANTONIO LÓPEZ LÓPEZ.**
Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Colexiado 17.286

Domicilio Polígono de Fontiñas-Area Central Local 25Z Primeiro andar
15707 Santiago de Compostela. A Coruña



Participaron na súa elaboración o seguinte equipo técnico:

EQUIPO TÉCNICO do PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO

Arquitecto **ROQUE ÁLVAREZ AROSA**

COAG nº 3.547

Arquitecto **JOSÉ MARÍA ALONSO CARRASCO**

COAG nº 3.475

Tamén participaron deste proxecto con documentos específicos os seguintes consultores:

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO



SIAL INGENIERÍA S.L.

C.I.F. **B-27209329**

Técnico redactor D. Víctor Manuel de la Cruz Vigo / Enxeñeiro Agrónomo

Domicilio Avda. das Américas, 1-3 Entlo. G 27004 Lugo
Tlf.: 982 255 721 Fax: 982 252 092- e-mail: info@sialingenieria.com
www.sialingenieria.com

LEVANTAMENTO PLANIMÉTRICO



AGROTOP TOPOGRAFÍA

Domicilio Lg Veloy 12 b. 15160 - Sada. La Coruña

Tlf.: 639 09 88 10

agrotopografia@gmail.com



ESTUDIO XEOTÉCNICO



C.I.F. **B-27027143**
Técnico redactor Andrea Álvarez Gutiérrez /xeóloga
Jose Luis Canoura Fraga
Domicilio Carretera de A Coruña, 22 - 27003 LUGO
Telf. 982 21 52 00 / Fax 982 20 24 46 / inveco@invecosl.com
www.invecosl.com

PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA INTENSIVA



Desenrolo e Obras de Arqueoloxía, S.C.

N.I.F. **33293689-Q**
Técnico redactor M^a Pilar Fernández Pintos
Domicilio Solláns, 16, Baixo 15866 Teo
630 753409 / 981 806244
www.doarqueologos.com

ESTUDO HIDROLÓXICO



SIAL INGENIERÍA S.L.


C.I.F. **B-27209329**
Técnico redactor D. Víctor Manuel de la Cruz Vigo / Enxeñeiro Agrónomo
Domicilio Avda. das Américas, 1-3 Entlo. G 27004 Lugo
Tlf.: 982 255 721 Fax: 982 252 092- e-mail: info@sialingenieria.com
www.sialingenieria.com




4. INFORMACIÓN URBANÍSTICA

4.1. Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei de 1.994 (NSP)

O 30 de novembro de 1994, con publicación no BOP 1994-12-09 quedaban aprobadas as Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei, onde a actual delimitación do Parque empresarial nas súas actuais Fase I e Fase II estaban clasificadas como Solo Non Urbanizable (SNU).



Plano de proteccions de Solo Non Urbanizable das NSP de 1990. Fonte: SITOUGA



Plano delimitación do solo urbano das NSP de 1990. Fonte: SITOUGA



4.2. Modificación Puntual 1 das NSP de 21/09/2000 (MP1 NSP)

O Convenio do 25 de setembro de 1992, as Normas Subsidiarias de plan de Palas de Rei de 1.994 e a modificación puntual das mesmas do 21 de setembro de 2.000.


Con data 25 de setembro de 1992 o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS) e o Concello de Palas de Rei asinaron un Convenio ao obxecto de promover unha actuación urbanística que dotase ao sinalado municipio dun chan de uso comercial e/ou industrial que respondese as necesidades e expectativas do momento. Tendo en conta de que as entón e aínda hoxe vixentes Normas Subsidiarias de plan de Palas de Rei –aprobadas definitivamente o 30 de novembro de 1.994- (NSP) non prevían dita actuación procedeuse á modificación puntual das mesmas ao obxecto de clasificar e delimitar un chan apto para urbanizar de uso industrial, nuns terreos que as NSP clasificaban como solo non urbanizable. Así as cousas, a modificación puntual das Normas Subsidiarias de plan de Palas de Rei -a cal clasificaba e delimitaba un chan apto para urbanizar de uso industrial á marxe da estrada N-547 ao seu paso pola localidade e Palas de Rei- foi obxecto de aprobación definitiva polo Pleno da Corporación local en sesión de data 21 de setembro de 2.000. A mesma introducía diversas determinacións para o desenvolvemento do devandito chan entre as que destacan a conexión cos sistemas xerais, a relación das redes de servizo a establecer e as xa existentes, as intensidades e usos globais, as condicións de ordenación e edificación, e o sistema de actuación; prevendo para ese efecto unha normativa urbanística concreta dotada de 4 artigos.

O Plan Parcial do 7 de marzo de 2.002.

En sesión plenaria de data 7 de marzo de 2.002 apróbase definitivamente o Plan parcial do Parque Empresarial de Palas de Rei. Devandito documento obedece a un dobre obxectivo: por unha banda, dotar de contido e desenvolvemento ao Convenio subscrito o 25 de setembro de 1992 entre o IGVS e o Concello de Palas de Rei a medio do cal se acordaba a creación dun Parque Empresarial que dotase ao municipio de chan de uso comercial e/ou industrial de acordo coas necesidades e expectativas do momento; e, por outra, a de desenvolver instrumentalmente a modificación puntual das Normas Subsidiarias de plan de Palas de Rei que fora aprobada definitivamente o 21 de setembro de 2.000; todo iso no marco normativo por entón vixente, encabezado pola Lei 1/1997, do 24 de marzo, do chan de Galicia. Por tanto, é o referido documento -Plan Parcial- o que determina a ordenación detallada, as ordenanzas reguladoras, así como as normas da edificación dentro do ámbito da actuación.

Con posterioridade á aprobación definitiva do Plan parcial procedeuse á urbanización e edificación das parcelas resultantes da ordenación.





Planeamento urbanístico vixente. Fonte: SITOUGA MP1 das NSP


4.3. Modificación Puntual 1 do Plan Parcial de 01/02/2019 (MP1 PP)

Con data de 01/02/2019 aprobouse na sesión plenaria de forma definitiva Modificación Puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial de Palas de Rei, Lugo.

O ámbito da presente modificación circunscríbese á realidade física que representa a parcela catastral 27040A001000270000UB, leira rexistral 14.095 do Rexistro da Propiedade de Chantada, circunscribíndose a unha superficie de 21.159 m² incluída no ámbito do Plan parcial do Parque Empresarial de Palas de Rei aprobado definitivamente; e coa adquisición da cal a súa adquirente asumiu a obrigaçión de modificar o plan parcial definitivamente aprobado para adaptalo ás súas esixencias, subrogándose en todo caso nas obrigaçións do IGVS en canto ás cesións establecidas no mesmo.

De forma xenérica, configurouse unha ordenación distinta á proposta polo plan parcial definitivamente aprobado, pero respectando os parámetros e condicións urbanísticas fundamentais do mesmo, especialmente en canto a cesións e edificabilidades, mutando o esquema de ordenación.





Plano zonificación de la Modificación Puntual de Plan Parcial PE Palas de Rei. Fonte: SIOTUGA



Fotos do Parque Empresarial de Palas de Rei – Fase I




4.4. Plan Básico Autonómico

De conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 90 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, o Plan básico autonómico é o instrumento de plan urbanístico que ten por obxecto delimitar, en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial que inciden sobre o territorio e identificar os asentamentos de poboación existentes.

Para ese efecto, o Plan básico autonómico reflicte os ámbitos de afección que, sobre o territorio, establece a normativa sectorial de aplicación, tanto autonómica como estatal. Así, desde a perspectiva da normativa sectorial, o Plan básico autonómico constitúe un documento de referencia en canto reflicte as afeccións e zonas de protección reguladas pola respectiva normativa sectorial vixente, nun único conxunto de planos sobre a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma.

En todo caso, as afeccións sectoriais que se reflicten no Plan básico autonómico teñen carácter declarativo, sen eficacia normativa, prevalecendo, en caso de discrepancia, as disposicións e afeccións derivadas da respectiva lexislación sectorial, estatal ou autonómica, sobre a información reflectida na cartografía do Plan básico autonómico, polo que nin clasifica nin categoriza o solo para os efectos urbanísticos.



Fonte: Plan Básico Autonómico

No ano 2021 iniciáronse os traballos de redacción dos documentos pertinentes para a ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei – Fase III.



5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO

5.1. CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO

5.1.1. Territorio e clima

A súa altitude sitúase entre 700 e 800 metros, co punto máis elevado en Monte Careón (802 m.). O corredor entre o Careón e o Farelo esténdese polas parroquias de Curbián, Pambre, Repostería, Remonde e Sambreixo. Nel perpetuaron o seu curso o Ulla e o seu afluente o Pambre.

Con todo, esta unidade debe a súa orixe a un proceso de antecendencia, antes que á acción erosiva dos cursos de auga, e así, no perfil lonxitudinal do mesmo obsérvase unha forte ruptura de pendente na que o Ulla-Pambre salva un desnivel de 100m. en menos de 2 km. (de 500-550 m. a 400-450 m.). Posteriormente foi intenso o proceso de erosión lineal., sinalado por unha forte disección dos aplanamentos.

O afastamento do mar e a falta de acción suavizadora sobre o clima, determina a inclusión de Palas de Rei no dominio "oceánico-occidental". A temperatura media anual é moderada (12º) e as precipitacións non son excesivamente abundantes (8110 mm. anuais). A amplitude térmica anual aproxímase ós 12º C e as precipitacións suaves distribúense de modo bastante regular ó longo de todo o ano. Cinco meses, de novembro a marzo, reciben máis de 100 mm. Alcanzándose os 150 mm. En xaneiro, abril, maio e outubro superan os 80 mm. e xuño e setembro os 50 mm. . a seca estival é particularmente apreciable en xullo e agosto, con só 32 e 34 mm., respectivamente. Por tanto, é posible falar de oito meses húmidos e un verán con déficit hídrico acusado.

En canto á distribución estacional: no outono caen un 32% do total das precipitacións, no inverno un 36%, no verán un 12% e na primavera un 20%.

Adoita nevar algúns días de inverno, especialmente en xaneiro e febreiro.

No referente ás temperaturas obsérvase o contraste entre invernos frescos, salpicados por días de frío intenso, e veráns suaves, con valores medios inferiores ós 20º C. decembro, xaneiro e febreiro son os meses máis fríos, con temperaturas medias ente 6 e 7º. As mínimas absolutas inferiores ós 0º condicionan seriamente o desenvolvemento da vida vexetal. Soamente catro meses, de xuño a setembro, superan os 15º de media, agosto con 18,3º é o máis caloroso. Os días de xeadas ó ano, uns 50, corresponden xeralmente ó inverno e finais de outono.

5.1.2. Calidade do aire

A zona obxecto deste estudo atópase inmerso nun medio natural que non ten emisións inmediatas que poidan influír negativamente.

5.1.3. Xeoloxía

Segundo o estudo xeotécnico realizado pola empresa Inveco en decembro de 2020, o ámbito da ampliación do Parque Empresarial sitúase, xeolóxicamente falando, no dominio dos granitoides hercínicos, que inclúen materiais, pertencentes á Zona Centro-Ibérica, da división paleogeográfica do Macizo Hercínico da Península Ibérica (Lotze, 1945 e Julivert e outros, 1972).

O substrato rochoso na zona de estudo está constituído por Granitoides precoces predominantemente biotíficos (γ_2 - γ_2 b2).



Corresponden aproximadamente ás denominacións "granodioritas con megacristales" por Dean Tex (1966), "granodioritas precoces con megacristales" por Capdevila (1969) e "macizos precoces da serie híbrida" por Cardevila et al. (1973).

Preséntanse en macizos ben delimitados ás veces alongados segundo a dirección das estruturas hercínicas. Os contactos cas rocas encaixantes son netos, podendo ser as relacións estruturais concordantes ou discordantes. A intrusión destes corpos, que é posterior á primeira etapa de metamorfismo rexional produce un metamorfismo de contacto con biotita- andalucita- sillimanita observable en varios puntos. Asociados a estes corpos hai pequenos stocks de tonalitas de cor escura e gran fino-medio que os preceden no espazo e no tempo. Os stocks máis importantes son os de Carelo (x: 261.750; e:970.600), Montecelo (x:262.500; e: 969.900), Parlatos (x:262.750; e:969.700) e Matogueira (x:263.700; e:966.650). Distínguense dos granitoides en que levan un pouco de anfíbol (hornblenda verde) e en que a relación plagioclasa/ feldespato potásico aumenta.

A textura que teñen estas rocas é porfídica con maior ou menor orientación de fluxo dos seus megacristales de feldespatos. Ás veces a esta textura e orientación impóñenselles texturas cataclásticas e miloníticas que son atribuíbles a F2 nalgúns casos e ás fases de repregamento noutros.

A composición mineralóxica é, bastante homoxénea, con cuarzo, plagioclasa, feldespato potásico, biotitas e ás veces oscovita, como minerais principais; apatito, circón e opacos son accesorios habituais, mentres que granate e uralina só aparecen nos diferenciados pegmoaplíticos.

A composición xeoquímica indica que estes macizos teñen unha afinidade maior con compostos adamellíticos que granodioríticos. O valor intermedio do corindón defíneas como granitos peralumínicos (Shand, 1927).

A proxección no diagrama de clasificación Q-A- P da mineraloxía calculada a partir da norma CIPW pon tamén de manifesto que a maioría das rocas analizadas corresponden a termos graníticos. No diagrama AFM estas rocas mostran unha evolución típica de series plutónicas calcoalcalinas correspondendo o conxunto a uns termos relativamente evolucionados, que chegan a alcanzar, nalgúns casos, considerables cotas de diferenciación.

5.1.4. Cursos de auga

O linde sur da zona de estudo coincide cun pequeno regato que desemboca no Rego Toxán (pertencente a cunca do Río Ulla). Como consecuencia, a parte sur está dentro da zona de policía deste regato e para calquera tipo de actuación requirirase o permiso da Demarcación hidrográfica Galicia-Costa - Augas de Galicia.

Obsérvase unha importante discrepancia entre a realidade cartográfica do regato na Demarcación hidrográfica Galicia-Costa - Augas de Galicia e a realidade física do trazado do cauce.


Segundo a cartografía do visor de da DHGC, segundo actualización de 2019 Rede fluvial detalle o cauce do regato tería a seguinte posición:





Visor da DHGC – Rede Fluvial cauce do regato

Tal e como se observa na fotografía aérea, o regato estaría atravesando un prado. Esta posición do regato sería discrepante ca posición física real que ten na actualidade xa que o regato circula alonxado de esa posición desprazado cara o sur.



Plano de información de afeccións ca posición do regato

Como se pode observar no plano de planta anterior o regato non tería continuidade lineal xa que desemboca de maneira abrupta nun punto alto sobre o cauce natural o que provoca unha escorrentía de lámina de auga que anega varias parcelas ata chegar o punto máis baixo, e recuperar de novo o cauce natural.

Superpoñendo o trazado actual do regato segundo a CHGC e o voo americano do ano 1956-1957 o regato non tiña a traza que amosa na actualidade estando desprazado o cauce natural do mesmo cara o sur, xa que tal e como se observa na fotografía, o curso de auga estaría a atravesar terras de cultivo, que é algo que non se aprecia na fotografía. O cauce debería situarse paralelo e continuo ca masa arbórea de ribeira e situado máis o sur.





Imaxe de superposición do trazado actual do regato sobre o voo americano do ano 56-57

Esta variacións de posición do cauce levan a situación actual na que o regato non ten unha continuidade lineal propia dun curso de auga, o que se considera unha situación anómala que debería ser subsanada na proposta de ordenación do ámbito.



Fotos da zona do regato na parte Sur do ámbito da ampliación

En todo caso deberá respectarse a lexislación en materia de augas:

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o "Reglamento del Dominio Público Hidráulico", que desenvolve os títulos preliminais I, IV, V, VI y VII da "Ley 29/1985, de 2 de agosto, de Aguas"
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.



- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os "Planes Hidrológicos de las demarcaciones hidrográficas de Galicia-Costa, de las Cuencas Mediterraneas Andaluzas, del Guadalete, Barbate y del Tinto, Odiel y Piedras"

5.1.5. Áreas estratéxicas de conservación

A zona de estudo non está incluída en ningunha reserva da biosfera, nin espazo privado de interese natural (EPIN), nin zona de especial protección de valores naturais (ZEPVN), nin parque natural, nin parque nacional, nin paisaxes protexidas, nin zona especial de conservación (ZEC), nin zona de especial protección para as aves (ZEPA), nin zona de protección da avifauna, nin áreas prioritarias de avifauna. Tampouco existe dentro do perímetro de actuación ningún hábitat do inventario español de hábitats terrestres (IEHT).

5.1.6. Flora e vexetación

A rexión é rica en plantas medicinais e flores endémicas de especial protección, predominando o arboredo sobre todo o piñeiro silvestre sendo desde épocas inmemorables a especie máis abundante, séguelle en importancia o carballo.

Tamén se introduciron outras especies vexetais como poden ser cultivos agrícolas, especies de pratenses empregadas como alimento en gandería e especies arbóreas empregadas en reforestación.

A maioría das especies arbóreas tradicionais que seguen existindo fano como exemplares illados ou pequenas comunidades, xa sexa plantados polos campesiños nos lindes das súas leiras, en localizacións singulares, nas beiras dos ríos e algunhas outras localizacións illadas.

A cobertura vexetal actual responde en gran medida ó efecto dos usos e actividade antrópica rexistrada na área, de modo que en boa parte do territorio as formacións arbóreas que constituirían a cobertura vexetal potencial víronse desprazadas por sotobosques de matogueiras (toxos, silvas, etc..) e forestais, ademais de infraestruturas, edificacións e instalacións. Nos casos nos que se conservaron áreas de vexetación natural, a estrutura e composición orixinal das mesmas poden verse modificadas en distinta medida, en función dos usos e actividades que tradicionalmente, e ata a época actual, soportaron. A diferente intensidade de uso provocou que o estado actual das comunidades vexetais presente unha gradación no seu nivel de alteración ou intervención, de modo que a diferenza entre vexetación natural e seminatural non sempre resulta clara segundo un criterio de naturalidade.

No ámbito obxecto de estudo os exemplares de especies arbóreas autóctonas mais destacables ubícanse na parte sur, coincidente co trazado do curso de auga. Na proposta de ordenación proxéctase una zona verde nesa parte para preservar a contorna natural existente.



Fotos das especies arbóreas existente na parte Sur do ámbito da ampliación



5.1.7. Fauna

A fauna polo xeral está moi condicionada pola situación xeográfica e as características ambientais que nela danse, principalmente factores climáticos e usos do solo.

A fauna existente ten un forte carácter antrópico, polo que as especies presentes atópanse moi adaptadas ó medio agrícola e urbano do contorno do eido. A maioría destas especies están catalogadas como non ameazadas. En xeral, a adaptación das especies ós medios agrícolas favorece a perda xeneralizada de grandes vertebrados e unha diminución das especies silvícolas en beneficio das pratenses e antropófilas de menor interese de conservación.

A fauna predominante na zona é a seguinte:

- Depredadores: raposo, lobo, falcón, xeneta
- Aves: Pomba, rula, cuco común, moucho común, varios tipos de andoriñas, tordo, estorniño, pega rabilonga e corvo.
- Anfibios: sapos e ras.
- Réptiles: varios tipos de lagartos, lagartixa, serpe de auga e víbora.

5.2. USOS, EDIFICACIÓNS E INFRAESTRUTURAS EXISTENTES E DA PROPIEDAD

5.2.1. Abastecemento

No ámbito non existe ningunha canalización de abastecemento. Prevese a súa conexión ca rede existente na Fase I.




Rede abastecemento existente Fase I



5.2.2. Saneamento

O actual parque empresarial verte as augas na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) ubicada na marxen do río Roxán, situada a menos dun quilómetro de distancia.

As augas residuais xeradas na ampliación deberán ser vertidas á rede existente na Fase I do Parque Empresarial en base ó informe emitido pola empresa Espina & Delfín, S. L.



Rede saneamento existente Fase I


5.2.3. Enerxía eléctrica

No extremo Oeste da parcela de Equipamento Social da Fase I ubícase un centro de transformación de enerxía eléctrica que da servizo ó Parque Empresarial existente. Ten unhas dimensións de 3,47x2,35 m., e cunha beirarrúa pavimentada ó redor do contorno do CT de 1 m de ancho. Dende o devandito transformador ata o vértice noroeste da parcela discorre soterrada ata entroncar cas canalizacións de distribución ás distintas parcelas.

En outubro de 2020 solicitouse a demanada de potencia eléctrica (Kw) á compañía subministradora Union Fenosa Distribución, S. A. para a Fase III, estando pendentes da súa contestación e recepción dos condicionantes técnico-económicos.

Nesta ampliación prevese a colocación dun CT que se conectará ca rede do parque existente.





Rede electricidade existente Fase I

5.2.4. Infraestruturas de gas

A rede da ampliación prevese conectar ca rede existente na Fase I aínda que, segundo a contestación de Nedgia Redes Distribucion de Gas, S. A. non dispoñen de subministro nin teñen previsto a curto prazo.



Rede infraestrutura existente Fase I



5.2.5. Telecomunicacións

A rede da ampliación prevese conectar tamén, ca rede existente na Fase I.



Rede telecomunicacións existente Fase I



5.3. INFORMACIÓN SOCIOECONÓMICA

SITUACIÓN XERAL

Situado no suroeste da provincia de Lugo, o municipio de Palas de Rei limita ó norte co municipio de Friol, ó sur sitúase o municipio de Antas de Ulla, ó oeste limita ca provincia da Coruña e ó leste linda cos municipios lucenses de Monterroso e Guntín.

Ten unha superficie de 199,68 km² e o seu territorio está dividido en 43 parroquias, contando con 3.388 habitantes (ano 2019), o que supón unha densidade de poboación de 16,97 hab/km².



Emprazada na Comarca de Ulloa, no centro de Galicia, a localidade de Palas de Rei a atravesa por dúas estradas: a N-547 e LU-231. Esta última facilita as conexións cos municipios de Friol, Monterroso e Taboada, sendo de máis importancia a N-547 que a súa vez enlázase ca Autovía A-54, que conecta Lugo con Santiago de Compostela. Doutra banda, o municipio carece de estación de ferrocarril, sendo a máis próxima a estación de Lugo.

A Ulloa é unha comarca de tradición agrícola e gandeira. O sector agropecuario constitúe a base da súa economía, ocupando a maioría da poboación activa. O leite é a súa principal produción, sendo os queixos e a carne os produtos máis importantes.

Na actualidade, o sector primario dá ocupación ó 64,78 % dos activos, dedicados fundamentalmente á produción leiteira. O sector terciario (5,12 %) organízase ó redor de varios serradoiros, unha industria extractiva e varias de montaxes eléctricas. Este sector concéntrase na capital, onde se aglutinan os servizos administrativos, educativos, sanitarios, comerciais e de transporte.

O terreo chaira é a característica do relevo deste municipio e á súa ausencia de fortes contrastes montañosos opóñense acentuadas diferenzas litolóxicas, xa que nos situamos no paso da Galicia occidental granítica á Galicia oriental sedimentaria. Nesta zona hai que destacar a Serra do Careón, con importantes cristas que forman parte da dorsal galega, e o corredor que se forma entre esta serra e a Sierra do Farelo, onde se sitúa o Ulla e a súa rede de afluentes, principalmente o Pambre.

A distancia ó mar dálle ó clima un carácter continental, con invernos moi fríos e veráns suaves. A historia de Palas de Rei preséntase intimamente unida á cultura castreña, conservando aínda hoxe numerosos restos arqueolóxicos (mámoas, dolmens e castros) testemuñas dun remoto asentamento.



Segundo a tradición, o concello debe o seu nome “pallatium regis” ó palacio do rei visigodo Witiza, que reinaría entre os anos 702 e 710. En Palas, Witiza mataría ó Duque de Galicia, Favila, pai de Don Pelayo.

O estilo románico entrou polo camiño de Santiago, deixando a súa pegada na arquitectura relixiosa, destacando a igrexa de Vilar de Donas, un dos referentes principais do románico galego, declarada en 1931 monumento histórico-artístico. As súas pinturas murais forman un dos conxuntos máis destacados e mellor conservados de Galicia. Por aquí pasaba a vía “Lucus Augusti”, e xa no século VI conséntase a súa pertenza ó condado de “Ulliensis”, sendo a Idade Media un período de prosperidade para a vila, en boa parte grazas ó Camiño de Santiago. O “Códice Calixtino” citaba Palas como parada obrigada dos peregrinos para afrontar os últimos tramos do roteiro xacobeo. O concello de Palas de Rei conta cun amplo patrimonio artístico que reflicte o pasado señorial destas terras, pois conserva restos de fortalezas, torres, castelos, así como varios pazos e casas blasonadas. Entre as construcións máis relevantes poden citarse: a antiga casa-torre de Filgueira; casa-torre de Fontecuberta; o Pazo de Laia que conserva o escudo de armas dos condes de Traba, de cuxo liñaxe saíra o fundador de Pambre; a casa de Ulloa, onde os Saavedra, Montenegros, Gayosos, os Deza, identifícanse cas súas armas e escudos familiares; o Pazo Mariño; a antiga fortaleza do Castro de Seixas na parroquia de Merlán, de onde procede esta coñecida liñaxe galega; o Pazo de Pacheco, e finalmente o Castelo de Pambre, fortaleza ergueita por Don Gonzalo Ozores de Ulloa facía o ano 1375, que resistiu a revolta irmandiña en 1467, converténdose nun dos mellores exemplos da arquitectura militar de Galicia.

Palas, protagonista tamén na segunda guerra carlista, foi un dos escasos municipios nos que triunfou a sublevación en 1846, constituíndose unha Xunta Revolucionaria. As terras de Palas de Rei serviron de fonte de inspiración a escritores como López Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou Emilia Pardo Bazán.

A zona de estudo abrangue 39.926,57 m² situados ó Leste da fase I do parque empresarial de Palas de Rei ó sur da estrada estatal N-547.



Imaxe aérea do Parque Empresarial de Palas de Rei





Imaxe aérea do Parque Empresarial de Palas de Rei con indicación das distintas Fases

ANÁLISE DEMOGRÁFICA DO CONCELLO DE PALAS DE REI

Densidade de poboación

A superficie do termo municipal de Palas é de 199,68 km² e unha poboación de 3.388 habitantes (2019, IGE) o que da unha densidade de 16,97 habitantes/km², cunha importante aglomeración na capital municipal que reúne ó 26,12 % dos habitantes do municipio.

A densidade de poboación segue a tendencia da comarca de diminuír segundo pasan os anos:

ANO	CONCELLO DE PALAS DE REI	COMARCA DA ULLOA
2010	18,24	24,30
2011	18,74	24,05
2012	18,31	23,56
2013	18,09	23,15
2014	18,03	22,81
2015	17,97	22,67
2016	17,80	22,44
2017	17,47	22,08
2018	17,10	21,75
2019	16,97	21,49

Táboa de Densidade de poboación (persoas/Km²)



Estrutura poboacional

Desde principios de século a poboación ven sufrindo un sensible descenso. A idade media da comarca é de 51,88 anos e a do concello de 54,63 anos segundo datos do ano 2019.

Estase ante unha poboación envellecida nun país xa de seu envellecido, e ó igual cos factores estudados previamente, e en coherencia con eles, a tendencia é negativa.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN. PALAS DE REI 2.019




Ilustración Pirámide de poboación

Segundo a pirámide de poboación elaborada confírmase que o concello de Palas de Rei presenta unha poboación envellecida, o 60,15% da poboación comprende idades maiores de 50 anos.

Movemento natural da poboación

En concordancia ca pirámide de poboación, e como cabería esperar, o saldo vexetativo do municipio de Palas de Rei é negativo.

ANO	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	MATRIMONIOS	SALDO VEXETATIVO
2010	18	63	11	-45
2011	15	55	12	-40
2012	16	70	7	-54
2013	14	83	9	-69
2014	21	73	4	-52
2015	18	72	8	-54
2016	17	60	6	-43
2017	21	69	3	-48
2018	15	67	8	-52

Táboa de Movemento natural da poboación (IGE)



Movementos migratorios

As emigracións internas dentro da mesma provincia son as predominantes, pero seguidas moi de preto polas emigracións a outras provincias de Galicia.

Espérase que ca ampliación do parque empresarial de Palas de Rei se creen novos postos de traballo e a poboación se manteña na zona.

ANO	Á MESMA COMARCA	Á OUTRA COMARCA DA MESMA PROVINCIA	Á OUTRA PROVINCIA DE GALICIA	Á OUTRA COMUNDADE AUTÓNOMA	Ó EXTRANXEIRO
2010	10	18	18	24	1
2011	9	34	36	17	2
2012	5	37	32	18	1
2013	14	20	36	34	1
2014	14	31	36	21	8
2015	8	36	44	16	2
2016	4	43	28	19	3
2017	7	26	43	13	1
2018	9	45	41	33	3

Táboa de Emigracións segundo tipo de migración

Igualmente, na inmigración o maior dato se rexistra en movementos dentro da mesma provincia.

ANO	DA MESMA COMARCA	DO OUTRA COMARCA DA MESMA PROVINCIA	DO OUTRA PROVINCIA DE GALICIA	DO OUTRA COMUNDADE AUTÓNOMA	Ó EXTRANXEIRO
2010	19	60	65	41	1
2011	11	19	11	20	2
2012	11	21	30	34	3
2013	7	21	33	36	14
2014	10	37	46	31	17
2015	5	31	35	25	4
2016	10	27	24	17	6
2017	4	14	18	26	4
2018	10	50	49	26	17

Táboa de Inmigración segundo tipo de migración

ANÁLISE DA POBOACIÓN ACTIVA DO CONCELLO DE PALAS DE REI

Na táboa que segue a continuación rexístranse os datos do paro segundo as publicacións do Instituto Galego de Estatística para marzo do 2.020 no concello de Palas de Rei.



PARO REXISTRADO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Por idade	158	75	83
Menores de 25 anos	10	4	6
25 e máis anos	148	71	77
Por sector de actividade:	158	75	83
Agricultura	9	4	5
Industria	10	6	4
Construción	14	14	0
Servizos	124	51	73
Sen emprego anterior	1	0	1

Táboa de Paro rexistrado por idade e sector de actividade (IGE, marzo 2020)

ACTIVIDADES ECONÓMICAS

No concello de Palas de Rei no sector da agricultura traballa máis da metade dos asalariados.

SECTOR	ASALARIADOS
Total	513
1 Agricultura y pesca	261
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	261
2 Industria, incluída a enerxía	26
B Industrias extractivas	0
C Industria manufactureira	20
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	6
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0
3 Construción	45
F Construción	45
4 Servizos	181
G Comercio por xunto e ó retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	62
H Transporte e almacenamento	20
I Hostalaría	47
J Información e comunicacións	0
K Actividades financeiras e de seguros	5
L Actividades inmobiliarias	4
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	14
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	7
P Educación	1
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	3
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	7
S Outros servizos	6

Táboa de Asalariados segundo sector de actividade (IGE, 2018)



ESTIMACIÓN DA DEMANDA PREVISTA DE SOLO EMPRESARIAL

Na actualidade, en toda a comarca da Ulloa apenas atopamos solo industrial dispoñible para a venda. Do estudo socioeconómico realizado do municipio de Palas de Rei, despréndese a necesidade de promover este tipo de solo debido principalmente o incremento que se prevé da actividade industrial así como do emprego.

En referencia a evolución do emprego nesta comarca, obsérvase unha tendencia alcista do emprego ata o ano 2007, ano no que comeza na economía galega e española unha longa recesión. A partir do ano 2013 existe unha mellora gradual da economía, estimando que para o ano 2025 na comarca un crecemento do emprego de preto dun 25 %, cálculo realizado segundo as tendencias observadas entre os anos 2004-2008, (anos en que a economía galega non entrara en recesión).

Impacto sobre o cambio climático

Para avaliar o impacto sobre o cambio climático, é necesario ter en conta que, aínda que se podan establecer industrias de nova apertura, outras moitas trasladarán ó parque unha actividade que estase a desenvolver noutro lugar da contorna. Neste senso, cabe sinalar que, ademais dun aumento na eficiencia loxística motivado pola concentración da actividade industrial, producirase unha renovación dos procesos industriais nas industrias xa existentes que se trasladan ó parque, cara a unha tecnoloxía mais limpa. Por outra banda, a avaliación ambiental á que terán que someterse as actividades industriais que se implanten na ampliación do parque, deberá ter en conta, entre outros aspectos, a minimización da pegada de carbono.

5.4. USOS DO SOLO

A poboación dedícase en boa medida a agricultura de subsistencia acompañada da gandería en pequenas explotacións, na maior parte dos casos con gando de carne e animais domésticos, pero a mala estruturación parcelaria e produtiva e o envellecemento da poboación fai que non se lle saque o rendemento adecuado. Isto provoca que nas parcelas agrícolas realícese un xiro de cultivos agrícolas destinados o autoconsumo, dominado polo trigo, o millo e a pataca e cultivos forraxeiros, fronte a outros cultivos e prados de interese fundamentalmente produtivista, a alternativa forestal está máis diversificada, pero cun claro retroceso na actualidade, afectado por factores como o envellecemento da poboación e os ataques dos cultivos pola fauna salvaxe.

No últimos dez anos os cambios operados nas estruturas económicas do municipio de Palas de Rei foron tanto cuantitativos como cualitativos, polo que á cabana gandeira refírese. O proceso intensificador aparece caracterizado por varias causas: o considerable aumento no número de cabezas de bovino e porcino; a introdución de novas razas, máis rendibles; o desenvolvemento de canles de comercialización, máis aló das feiras e mercados locais; a xeneralización das praderías artificiais, e a construción de novos sistemas de estabulación para o gando.

6. RELACION TITULARES CATASTRAIS

Á relación das persoas titulares catastrais dos terreos afectados polo ámbito da actuación está formado por un total de 11 parcelas catastrais e sería a seguinte: .



ID	REFERENCIA CATASTRAL	POLIGONO	PARCELA	TITULARES	SUPERFICIE	AFECCIÓ N	SUPERFICIE AFECTADA
1	27040A00100002	1	2	JOSE OTERO MOSQUERA	62.857,07	Parcial	29.600,52
2	27040A00100013	1	13	MANUEL PEREIRO OROZCO	610,43	Parcial	177,42
3	27040A00100015	1	15	MOURENZA Y PARDO S.L.	1.076,97	Parcial	916,19
4	27040A00100016	1	16	HRDOS. DE JOSEFA FERNANDEZ VAZQUEZ	1.044,53	Total	1.044,53
5	27040A00100017	1	17	JOSE MANUEL BUJAN PEREIRO	523,57	Total	523,57
6	27040A00100018	1	18	JORGE BUJAN BARREIRO	4.565,05	Total	4.565,05
7	27040A00100577	1	577	HRDOS. DE REMEDIOS GARCIA GARCIA	803,68	Parcial	423,95
8	1875602NH9417N	18756	2	Mª JESUS QUINTAS OURO	506,86	Parcial	112,29
9	1875603NH9417N	18756	3	ROSA Mª VAZQUEZ GARCIA Mª ROSARIO VAZQUEZ GARCIA	1.429,35	Parcial	27,42
10	2075401NH9427N	20754	1	JOSE OTERO MOSQUERA	3.187,27	Parcial	1.991,48
11	1873811NH9417S	18738	11	CONCELLO PALAS DE REI	2.860,37	Parcial	537,54
				TOTAL	79.465,15		39.919,16

Cadro de relación de parcelario catastral e titulares catastrais do ámbito do PIA

Sinalar a modo de aclaración, que a discrepancia de superficie entre a superficie catastral afectada e a superficie do ámbito do PIA se produce por erros de salto de superposición na cartografía oficial do Catastro.

Como característica especial, indicar que a parcela identificada ca referencia catastral 27040A00100002 ocupa 29.600 m² case un 75 % da superficie de actuación.

Como este documento publicárase para a súa exposición pública, non se indican os datos persoais dos propietarios de cada unha das parcelas en aplicación da Lei de Protección de Datos Personais. O organismo pertinente será o que notifique individualmente ós afectados.



Estrutura parcelaria catastral do ámbito do Parque Empresarial de Palas de Rei

O parcelario obtívose da Sede Electrónica del Catastro OVC (<https://www1.sedecatastro.gob.es/>).



7. CONDICIONANTES URBANÍSTICOS

7.1. NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO

O Concello Palas de Rei dispón dunhas Normas Subsidiarias de Planeamento municipal aprobadas o 30.11.1994 (NSP) que clasificaron a meirande parte dos terreos do ámbito como solo non urbanizable de réxime xeral e solo non urbanizable de protección agrícola e forestal. A modificación das ditas normas, aprobada o 21.09.2000, clasificou os terreos do acceso ao ámbito como solo apto para urbanizar para desenvolver por plan parcial. Acorde ao artigo 25.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia (RLSG), os terreos do acceso adquiriron a condición de solo urbano consolidado (execución da fase I do Plan parcial do Parque empresarial de Palas de Rei).

Tratándose dun planeamento non adaptado nin á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) nin á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), aos terreos clasificados como solo non urbanizable das NSP cómpre aplicarles o réxime do solo rústico da LSG, en base ao disposto na súa disposición transitoria primeira. Concretamente, dadas as afeccións territoriais que constan na cartografía do Plan Básico Autonómico, resulta de aplicación o réxime do solo rústico de especial protección de infraestruturas (zona de servidume da estrada N-547), de augas (zona de policía do rego Toxán) e patrimonial (territorio histórico do Camiño de Santiago Francés)

7.2. AFECCIÓNS SECTORIAIS

As afeccións impostas pola normativa sectorial e os instrumentos de ordenación do territorio no ámbito do Proxecto Interese Autonómico terá en consideración o establecido no Plan Básico Autonómico. Deste xeito, as afeccións sectoriais son as seguintes:



Delimitación do ámbito sobre cartografía do PBA



7.2.1. Infraestruturas

O ámbito de delimitación do PIA afecta a zona de afección da estrada estatal N-547.

7.2.2. Augas

O ámbito de delimitación do PIA afecta a o dominio público e as zonas de servidume e policía do rego Toxán.

7.2.3. Patrimonio cultural

A zona de estudio está incluída integramente na delimitación do BIC Camiño de Santiago segundo establece o *Decreto 227/2011, de 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, dende a entrada no municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o límite do termo municipal de O Pino, ca excepción do tramo entre o lugar de Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello de O Pino.*

7.2.4. Concesións mineiras

O ámbito de delimitación do PIA afecta a concesión mineira "LU/B/02008_NAI DE DEUS_Balneario do Río Pambre_Sección B_auga mineiro medicinal".

8. ESTUDOS SOBRE O ÁMBITO

8.1. ESTUDO TOPOGRÁFICO

O presente proxecto de interese autonómico incorpora LEVANTAMENTO PLANIMÉTRICO FASE III DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI (LUGO) redactado pola consultora AGROTOP TOPOGRAFÍA

8.2. ESTUDO XEOTÉCNICO

XESTIÓN DO SÓ DE GALICIA - XESTUR S.A. solicita os servizos de INVECO, S.L. para realizar o estudo xeotécnico dos terreos nos que se pretende acometer a Ampliación do Parque Empresarial de Pas de Rey, en Lugo.

O seu obxecto é determinar as características xeotécnicas do terreo para acometer a urbanización da ampliación do Parque Empresarial existente, non debéndose tomar este informe para a futura construción de edificacións ou naves industriais, xa que os ensaios de penetración dinámica realízanse para ter unha idea global das tensións admisibles existentes, sendo representativos só da zona anexa ao ensaio e a falta de coñecer a columna estratigráfica propia de cada localización.

O presente proxecto de interese autonómico incorpora ESTUDIO XEOTÉCNICO DA FASE III DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI (LUGO) redactado pola consultora INVECO con C.I.F. B-27027143 e asinado por D^a. Andrea Álvarez Gutiérrez /xeóloga e D. Jose Luis Canoura Fraga.

8.3. ESTUDO ARQUEOLÓXICO

O presente proxecto de interese autonómico incorpora PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA INTENSIVA para a Avaliación do Impacto Cultural sobre o "Proxecto de Ampliación do Parque Empresarial Palas de Rei, Fase III" redactado pola consultora Desenrolo e Obras de Arqueoloxía, S.C. e asinado por M^a D^a. Pilar Fernández Pintos N.I.F. 33293689-Q

En maio de 2020 a empresa Desenrolo e Obras de Arqueoloxía, S. C. elaborou unha memoria técnica de Prospección arqueolóxica intensiva para a Avaliación do Impacto Cultural sobre o "Proxecto de Ampliación do Parque Empresarial do Parque Empresarial de Palas de Rei – Fase III". Incorpórase de maneira íntegra nun dos anexos do presente documento.



A devandita memoria técnica conclúe o seguinte:

“6. Conclusións

Ca execución da intervención arqueolóxica actual pretendíase cumprir cos requisitos culturais específicos e necesarios dentro da tramitación do “Proxecto de Ampliación do Parque Empresarial Palas de Rei, Fase III”, partindo do feito de que as obras previstas en tal documentación poden afectar ó patrimonio cultural da zona onde tales obras se desenvolverán.

O presente documento, entendido como Informe final e Memoria Técnica dos traballos realizados, recolle os resultados obtidos ca posta en práctica das tarefas arqueolóxicas específicas, servindo tamén para referendar o termo definitivo desa intervención.

A evolución do conxunto de actividades executadas pode esquematizarse, a maneira de resume final, en base ós seguintes aspectos:

- *Prospección arqueolóxica: a revisión dende unha óptica arqueolóxica da superficie delimitada para a presente intervención puido ser executada de forma considerablemente satisfactoria, aínda tendo en conta as dificultades impostas pola situación e ocupación dos terreos en zonas puntuais. Os procedementos prospectivos tiveron que basearse en exclusiva na investigación sobre o coñecida como arqueoloxía visible, debido ás características ofrecidas pola práctica totalidade do terreo apto para a investigación.*

- *Identificación de elementos patrimoniais: a nivel xeral os traballos de campo non aportaron novos elementos culturais ó conxunto de bens xa coñecidos na zona, máis aló de incorporar un pequeno vestixio etnográfico (pía bebedeiro) a un dos bens catalogados (Casa de Rouco). Ademais de comprobar o estado actual dos tres bens coñecidos, realizouse tamén unha completa inspección sobre o percorrido do Camiño Francés dentro da área de estudio, así como da súa contorna inmediata.*

- *Recuperación de restos materiais: non se documentaron restos mobles de contido ou significación arqueolóxica durante a presente intervención.*

- *Valoración de Impactos Culturais: tomando como principais referencias de análise as distancias ó límite da ampliación proxectada e a natureza específica dos elementos incorporados ó catálogo, conclúese que non existe risco de afección directa no marco cultural por parte desta Fase III de ampliación. As circunstancias especiais do Camiño Francés e do seu ámbito BIC foron obxecto de tratamento pormenorizado, corroborando a moi mala calidade percibida do Camiño que lle outorga a esta zona a documentación publicada pola Xunta de Galicia no seu día (en relación á delimitación do Camiño Francés).*

- *Proposta de Medidas Correctoras: unicamente se propoñen medidas paliativas específicas para o caso do ámbito BIC do Camiño Francés, no que se cualificou o impacto como de grao Moderado. Tales medidas céntranse na adopción das medidas de integración paisaxística que sexan necesarias para minimizar a afección visual do PE sobre este ben cultural. En todo caso, as propostas contidas no presente documento haberán de ser valoradas e ratificadas expresamente por parte da administración competente na materia (DXPC).”*

Para a elaboración da proposta de ordenación tivéronse en conta as conclusións da memoria arqueolóxica, principalmente no que respecta a minimizar e integrar paisaxisticamente a visual do Parque Empresarial sobre o Camiño Francés. Na parte norte da actuación, a mais próxima ó BIC, introduciuse unha franxa verde de 8 m. entre o Solo Urbano e as parcelas de solo industrial, ademais de obrigar ás naves a recuarse 3 m. a maiores.



8.4. ESTUDO HIDROLÓXICO

O presente proxecto de interese autonómico incorpora ESTUDO HIDROLÓXICO DO DESENVOLVEMENTO DA FASE III DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI (LUGO) redactado pola consultora SIAL INGENIERÍA S.L. con C.I.F.B-27209329 e asinado polo Enxeñeiro Agrónomo D. Víctor Manuel de la Cruz Vigo.

O estudo ten por obxectivo a verificación de que a nova canalización proxectada polo percorrido natural do rego de Toxán pola zona mais baixa, é suficiente para non rexistrar desbordamento nun período de retorno de 500 anos.

8.5. INFORMES DE SUFICIENCIA

O presente proxecto de interese autonómico incorpora OS SEGUINTEs INFORMES DE SUFICIENCIA DE SUBMINISTRO:

	ORGANISMO / COMPAÑÍA SUBMINISTRADORA	SERVIZO / SUBMINISTRO	DATA SOLICITUDE E Nº REXISTRO SAÍDA XESTUR	DATA CONTESTACIÓN E Nº REXISTRO ENTRADA XESTUR
1	CONCELLO PALAS DE REI	REDE SANEAMENTO , SISTEMA DE DEPURACIÓN, PLUVIAIS, ABASTECIMENTO E ALUMEADO PÚBLICO	09.11.20 SC20-0738	21.12.20 e-mail
2	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.	REDE ENERXÍA ELÉCTRICA (LMT, RBT e CT)	22.10.20 SC20-0699	12.03.21 Aprobación da ubicación do CT, pendente do prego de condicións técnicas e orzamento dos traballos da conexión e-mail
3	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	REDE TELECOMUNICACIÓNs	04.11.20 SC20-0727	14.12.20 EC20-1853
4	TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.	REDE TELECOMUNICACIÓNs	04.11.20 SC20-0726	29.12.20 EC20-1952
5	NEDGIA REDES DISTRIBUCIONES GAS, S. A.	REDE GAS	04.11.20 SC20-0728	10.11.20 EC20-1714

Lugo, Febreiro de 2022
O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS,
CANAIS E PORTOS

Asdo.: Antonio López López
Colexiado nº 17.286



ÍNDICE

DOCUMENTO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA	1
PARTE II. XUSTIFICACIÓN	1
1. COHERENCIA E OPORTUNIDADE	1
1.1. COHERENCIA E OPORTUNIDADE	1
1.2. INTERESE PÚBLICO	2
1.3. OBRIGAS DO PROMOTOR	3
2. IDONEIDADE DA LOCALIZACIÓN ELIXIDA	3
2.1. LOCALIZACIÓN	3
2.2. PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS.....	4
3. RELACIÓN CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO	8
3.1. NORMAS SUBSIDIARIAS PLANEAMENTO (NSP) PALAS DE REI DE 1.994:	8
3.2. PLAN BÁSICO AUTONÓMICO	9
3.3. OUTROS INFORMES SECTORIAIS.....	9
3.4. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	10
3.5. OUTRAS PLANIFICACIÓNS DE INTERESE.....	10
4. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO	12
4.1.1. Resolución Informe Ambiental Estratéxico	13
4.1.2. Informe Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	14
4.1.3. Informe Instituto Estudos do Territorio.....	15
4.1.4. Informe Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.....	15
5. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS	16
5.1. OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO	16
5.2. ESTRUTURA E ZONIFICACIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA.....	16
5.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA INTENSIDADE EDIFICATORIA	1
5.3.1. Desenvolvemento urbanístico sustentable	2
5.3.2. Unidade funcional perfectamente conectada	4
5.3.3. Integración ca paisaxe e a vexetación	5
5.3.4. Subministración de servizos	6
5.4. XUSTIFICACION DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DE SOLO PARA DOTACIÓNS.....	11
5.4.1. Reserva de solo para o sistema de espazos libres públicos	11
5.4.2. Reservas de solo para o sistema de equipamentos	12
5.4.3. Reserva de solo para aparcadoiros de vehículos.....	12



5.4.4.	Reservas para arborado.....	13
5.4.5.	Xustificación da cesión do aproveitamento	13
5.4.6.	Disposicións xerais	14
5.4.7.	Reaxuste da delimitación do ámbito	14
5.4.8.	Estudo e proposta de parcelario	14
6.	NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA	15
7.	ESTUDO DA INCIDENCIA TERRITORIAL	16
8.	ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (ACE).....	17
8.1.	ASPECTOS A CONSIDERAR DE CARA A SUSTENTABILIDADE	17
8.2.	RELACION COS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO.....	19
8.3.	PROCESO DE DECISIÓN	20



DOCUMENTO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA

PARTE II. XUSTIFICACIÓN

1. COHERENCIA E OPORTUNIDADE

1.1. COHERENCIA E OPORTUNIDADE

Os proxectos de interese autonómico son os instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma que teñen por obxecto planificar e proxectar, entre outras, actuacións destinadas a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, sempre que transcendan o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, pola súa magnitude ou polas súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado.

O obxecto do presente Proxecto Interese Autonómico sería conforme co artigo 40.2.c da LOT por tratarse da creación de solo destinado á realización de actividades económicas:

“c) Solo destinado á realización de actividades económicas: é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de actuacións de transformación urbanística con destino á creación de solos para o desenvolvemento de actividades primarias, industriais ou terciarias que teñan por obxecto a produción, a distribución ou a comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.”

Trátase dun Proxecto de interese autonómico previsto xa que ten por obxecto planificar e proxectar a execución dunha actuación prevista no PSOAEG vixente.

Con data 29 de novembro de 2018 foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia a “Modificación puntual nº1 do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia” no que se incluíu a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei ca Fase III, situado ó carón da fase I e ó Oeste do núcleo urbano sobre a estrada N-547.

Á vista da indubidable transcendencia territorial do proxecto acometido, o carácter supralocal da cal é resultado específico das súas especiais características estratéxicas, magnitude e importancia, o Instrumento de Ordenación requirido pola lexislación vixente para regular a súa implantación, correspóndese ca figura do PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL prevista na Sección 4ª. “Os proxectos de interese autonómico” da citada LOT.

Formúlase á fin de establecer a regulación detallada, definindo as pautas pormenorizadas da implantación do parque, así como os criterios de deseño, ás características funcionais ca finalidade de alcanzar a súa inserción efectiva na área Territorial na que se implanta, así como as condicións que garantan a súa accesibilidade e dispoñibilidade racional dentro dela.

De acordo co exposto, o PROXECTO INTERESE AUTONÓMICO DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI (LUGO) FASE III (en adiante, Proxecto Interese Autonómico) ten por obxecto garantir a axeitada inserción do Parque Empresarial no territorio, e a súa conexión cas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes, a súa adaptación ó eido no que se proxecta e a súa articulación cas determinacións do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na comunidade autónoma de Galicia (PSOAEG) vixente.

Este Proxecto Interese Autonómico forma parte das medidas orientadas a potenciar o tecido industrial e a creación de emprego no municipio procedendo á transformación de solo necesaria para a



implantación de actividades relacionadas fundamentalmente ó comercio, á industria, á almacenaxe e á distribución.

epi

Modificación nº 1 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia

RESULTADOS DO ANÁLISE DE VIABILIDADE DE ACTUACIÓNS PREVISTAS

VIABILIDADE (0/100) 53

RESUMO DA AVALIACIÓN:

Factores	Participación	Peso	Puntuación	Peso	Puntuación
FACTORES DE IDENTIFICACIÓN DO TERREIRO	10%	40	80%	68	
FACTORES DE INTEGRACIÓN DO TERREIRO	30%	90	60%	68	
FACTORES DE CONVIVENCIA DO TERREIRO	60%	80	20%	67	
INTEGRACIÓN DO TERREIRO	20%	100	20%	0	
ADAPTACIÓN DO TERREIRO	20%	0	20%	0	

Superficie total do ámbito / Superficie total do terreno: 42.260,56 m²

Observacións: Observacións: Elvador

Matriz de análise de viabilidade de actuacións previstas. Fonte: Modificación puntual nº1 do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia

1.2. INTERESE PÚBLICO

A incidencia e interese público supramunicipal, de conformidade co art. 59 da LOT, xustifícase baseándose nos argumentos seguintes:

A declaración de interese autonómico non sería precisa por tratarse de un proxecto previsto no plan sectorial de ordenación dos parques empresariais de Galicia (PSOAG).

O Concello de Palas de Rei e XESTUR pretenden impulsar e tramitar a delimitación dun ámbito de solo capaz de acoller e concentrar os usos industriais e empresariais que poidan ter interese de localización neste ámbito, impulsando iniciativas de implantación de usos industriais e terciarios con potencialidade de desenvolvemento, tal e como se establece nas Directrices de Ordenación do Territorio, favorecendo o impulso das iniciativas de desenvolvemento rural ca creación de solo de actividade de cara a reducir os riscos de despoboamento e mellorar a calidade de vida da poboación todo o seguindo as Estratexias xerais e particulares para o fortalecemento do espazo rural establecidas nas DOT.

Dentro das Determinacións orientativas para estes núcleos vinculados ó patrimonio rural, o apartado 3.4.2 das DOT, establécese que nos concellos destes núcleos promoveranse actuacións e medidas que compatibilicen e resolvan os posibles conflitos entre usos residenciais, turísticos, gandeiros, mineiros ou da pequena industria, por medio da elaboración dos correspondentes instrumentos de planeamento de desenvolvemento.



Así mesmo, no apartado 3.4.3 das determinacións, establécese que as Administracións fomentarán medidas que favorezan a súa promoción socioeconómica e que permita xerar emprego e fixar a súa poboación.

O interese e necesidade pública da actuación basease no acomodo e cumprimento das determinacións das DOT e na necesidade de instrumentos dinamizadores do ámbito rural, que freen o proceso de despoboamento destes núcleos.

A actuación localízase nunha zona óptima en relación co núcleo e cas infraestruturas de comunicación de carácter comarcal, esta actuación confórmase como unha oportunidade de creación de solo empresarial e un elemento xerador de actividade que contribúa á fixación de poboación no municipio e na comarca.

Á vista do exposto nos parágrafos anteriores, pódese concluír que é manifesta a súa utilidade pública e que esta non se restrinxe a un eido estritamente municipal senón que a súa incidencia supramunicipal se estende a toda a rexión.

1.3. OBRIGAS DO PROMOTOR

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA - XESTUR, S. A., empresa pública de promoción de actuacións urbanísticas, participada polo INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E O SOLO (I.G.V.S) con C.I.F. A70392758 e domicilio a efecto de notificación en Polígono de Fontiñas-Area Central Local 25Z Primeiro andar 15707 Santiago de Compostela. A Coruña, asume expresamente as obrigas que comporte o Proxecto Interese Autonómico da Ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei (Lugo) Fase III redactado polo D. Antonio López López, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Colexiado 17.286.

2. IDONEIDADE DA LOCALIZACIÓN ELIXIDA

2.1. LOCALIZACIÓN

O concello de Palas de Rei pertence a comarca da Ulloa, que dentro da estrutura do PSOAEAG está englobada na área funcional de Lugo.


Nesta área funcional, integrada polas comarcas de A Fonsagrada, A Ulloa, Lugo, Meira, Os Ancares, Sarria e Terra Chá, emprázanse actualmente 29 áreas empresariais, cunha dotación de solo empresarial de 610,36 Has. Tódalas comarcas da área funcional contan cunha ou varias áreas empresariais. A maior dotación de solo empresarial localízase no concello de Lugo, seguen en orde decrecente os concellos de Rábade, Vilalba e Outeiro de Rei.

Vistas as características dos compoñentes do mercado do solo (oferta- demanda) e analizadas as actuacións en execución e previstas no Plan Sectorial do 2004 e as iniciadas con posterioridade, o PSOAEAG considera que na área funcional de Lugo, deberanse primar os desenvolvementos do solo empresarial asociados os nodos de infraestruturas viarias como o nodo de Pacios- Baamonde, no que conflúe a autovía do Cantábrico A-8, ca autovía A-6, e o nodo orixinado cara ó norte na confluencia de vía de altas prestacións de Ferrol a Vilalba, ca A-8. A existencia de ámbolos dous nodos proporcionan unha oportunidade para a localización de actividades de loxística.

Para o desenvolvemento de ampliacións das demais áreas empresariais existentes, que sexan necesarias polas súas características e expectativas da demanda, o PSOAEAG determina que deberán destinarse a actividades industriais e terciarias, permitindo na mesma parcela e edificación actividades



mixtas (uso industrial, almacenaxe, exposición e comercial), sendo conveniente a realización dunha análise de repercusión das actuacións que se atopan en execución ou desenvolvemento sobre o solo empresarial existente que se pretenda ampliar.




Planeamento urbanístico vixente. Fonte: Modificación puntual nº1 do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia

2.2. PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS

Identificación da localización das actuacións obxecto do proxecto, de acordo coa delimitación establecida no correspondente plan sectorial.

A ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei (Fase III) recóllese na modificación do PSOAG co código de área de 27040013 e cunha viabilidade de 53 puntos.





Plano Patrimonio Cultural. Fonte: Modificación puntual nº1 do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia

A superficie do ámbito segundo o PSOAG é de 42.280,56 m² mentres que a superficie do ámbito do Proxecto Interese Autonómico Fase III é 39.926,57 m². Esta variación xustificárase máis adiante.

A figura desenvolvemento que marca é a do Proxecto Interese Autonómico.

Nas determinacións establece as seguintes limitacións ó acceso a nova fase.

O acceso da fase III do Parque Empresarial de Palas de Rei a rede viaria non poderá realizarse directamente dende a estrada N-547 debendo conectarse ao sistema viario interior das fase anteriores do citado Parque Empresarial, e acceder directamente a estrada N-547 a través do acceso existente.

O Proxecto Interese Autonómico reaxusta a delimitación establecida no PSOAG polas seguintes cuestións:

- Produce un solape co solo urbano afectando a dúas edificacións existentes.





Fotos das edificacións existentes


- Orixina unha illa de solo rústico de protección ordinaria entre as traseiras das naves urbanizadas da Fase I e a delimitación do PSOAG e o solo urbano.
- A delimitación non se adapta ó parcelario existente.

En vista as consideracións anteriores se considera oportuno a redelimitación da ampliación cos seguintes criterios:

- Xa que coma no se pode facer un novo acceso a estrada N-547, se propón eliminar a afección ó solo urbano e polo tanto as edificacións existentes. De este xeito tamén se eliminan a afección da estrada.
- Eliminar a illa de solo rústico entre o parque existente e a ampliación.
- Axustarse ó parcelario existente
- Resolver o acceso dende o parque existente.

Con esta proposta de delimitación a superficie quedaría en 39.926,57 m² o que supón unha variación de 2.353,99 m² respecto á orixinal de 42.280,56 m² que resulta dun 5,57 %. Por outra parte a superficie que varía na rede limitación afecta a 10.072,87 m² sendo un 23,82 % da superficie orixinal.





*Imaxe de superposición do límite do PSOAEG e do Proxecto Interese Autónomo.
En cor amarela a superficie eliminada e en cor vermella a superficie engadida.*

Deste xeito cúmprese co especificado no artigo 5.3 do PSOAEG modificado, por tratarse da ampliación dun parque empresarial existente e resultar a superficie modificada inferior a un 30%:

"Modificación puntual número 1 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

Artigo 5. Revisión e modificacións do PSOAEG

Non se considerarán revisión nin modificación do PSOAEG as alteracións puntuais que os proxectos sectoriais poidan introducir ao regular detallada e pormenorizadamente os distintos ámbitos das actuacións de solo empresarial. Tampouco terán a dita consideración os reaxustes que por causas debidamente xustificadas se realicen na superficie dos ámbitos delimitados, sempre que estas non supoñan unha modificación igual ou superior ao 10 % da superficie. Non obstante, poderán superar a dita porcentaxe os reaxustes motivados polas seguintes causas:

- A conveniencia de modificar os ámbitos recollidos no plan sectorial que constitúan unha ampliación do parque empresarial existente. **Nestes casos a modificación da superficie do ámbito non poderá implicar unha modificación superior ao 30 % da dita superficie**"*

Considérase queda xustificada a idoneidade da localización elixida polo de acomodo ao plan sectorial que desenvolve o proxecto




3. RELACIÓN CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO

3.1. NORMAS SUBSIDIARIAS PLANEAMENTO (NSP) PALAS DE REI de 1.994:

O Concello Palas de Rei dispón dunhas Normas Subsidiarias de Planeamento municipal aprobadas. Os solos afectados polo ámbito do PIA son os seguintes:

Clasificación do solo afectado	Superficie afectada
SNU- Solo Non Urbanizable	39.443,47 m ²
SUC –Solo Urbano Consolidado	483,10 m ²



Plano zonificación del la Fase III sobre planos de la Modificación Puntual de las NSP Palas de Rei. Fonte: Propia sobre cartografía de SIOTUGA



3.2. PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

Deben figurar no expediente os informes que, o artigo 46.3 da LOT establece que " (...) cando resulten afectados terreos con valores que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable, a aprobación do proxecto exixirá contar co informe favorable do órgano sectorialmente competente en función dos valores obxecto de protección". Polo tanto, acadarase o informe favorable dos órganos competentes.

Seguindo as delimitacións sectoriais establecidas no Plan Básico Autonómico, serán precisos:

No territorio histórico e á área de amortecemento do Camiño de Santiago Francés (Dirección Xeral de Patrimonio Cultura

Na zona de afección da estrada estatal N-547 (Dirección General de Carreteras do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana);

No dominio público e nas zonas de servidume e policía do rego Toxán (Confederación Hidrográfica Galicia Costa

Na concesión mineira "LU/B/02008_NAI DE DEUS_Balneario do Río Pambre_Sección B_auga mineiro medicinal" (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais).

3.3. OUTROS INFORMES SECTORIAIS

Acorde á normativa sectorial en vigor, indícanse as administracións públicas ás que, cando menos, haberá que solicitar o informe sectorial preceptivo, independentemente de que sexan consultadas na tramitación da avaliación ambiental:

- Patrimonio cultural (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola afección ao territorio histórico e á área de amortecemento do Camiño de Santiago Francés): segundo o artigo 34.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

- Montes (Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal): segundo o artigo 66 da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

- Planificación hidrolóxica e suficiencia de recursos hídricos (Confederación Hidrográfica Galicia Costa): segundo o artigo 39 da Lei 9/2010, da Lei de augas de Galicia e o artigo 25.4 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas estatal.

- Competencias estatais (Delegación do Goberno): segundo a disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

- Telecomunicacións (Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual del Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital): segundo o artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

- Afeccións a minaría (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola afección á concesión mineira LU/B/02008_NAI DE DEUS_Balneario do Río Pambre_Sección B_augaminero medicinal): segundo o artigo 14 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

- Paisaxe (Instituto de Estudos do Territorio): segundo o artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia modificado pola disposición final primeira da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.



- Estradas do Estado (Dirección General de Carreteras do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, pola afección á estrada N-547): segundo o artigo 16.6 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas do Estado e a determinación particular (7.3.4) establecida na MIPSOAEG.

- Emerxencias (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola posible afección ao Centro de extinción de incendios e emerxencias municipais anexo á N-547): segundo a Disposición adicional quinta da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, remisión da documentación para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil.

3.4. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas definitivamente mediante o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, son o instrumento que, no marco da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia (LOT), ofrece a visión global da ordenación territorial de Galicia e constitúe a referencia para o resto das figuras de planificación e para as actuacións que desenvolven tanto as administracións como os particulares, cuxas determinacións, de conformidade co previsto no artigo 9 da LOT, dispoñen da forza vinculante en congruencia ca súa función de instrumento director.

As DOT teñen como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. As propostas e determinacións das DOT pretenden definir unha senda para seguir e trazar un escenario de futuro, que baixo unha perspectiva de sustentabilidade, aspira a conseguir a cohesión social e territorial de Galicia. Para ese efecto, configuran un modelo territorial baseado nun sistema xerarquizado de asentamentos articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos.

As determinacións das DOT, de acordo co disposto no artigo 10.2.5 das mesmas, son de aplicación a todos os instrumentos de plan urbanístico.

Segundo os criterios das DOT, o ámbito da ampliación pertence a área funcional de Lugo. A área funcional de Lugo ten arredor de 225.000 habitantes cunha tendencia regresiva fundamentalmente en tódalas súas comarcas. A renda familiar medrou nos últimos anos na área funcional, e o crecemento dos sectores económicos produciuse fundamentalmente no sector servizos, e no sector da agricultura e gandaría, crecemento que se traslada ó crecemento de número de empresas na área funcional.

O Proxecto Interese Autonómico xustificará a súa coherencia e conformidade cas determinacións e criterios establecidos polas DOT, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ó disposto nas Directrices.

A delimitación da área empresarial establecida no PSOAEG axústase neste Proxecto Interese Autonómico para que o límite norte coincida ca franxa de solo urbano da N- 547.

3.5. OUTRAS PLANIFICACIÓNS DE INTERESE

Na zona de actuación concorren os seguintes plans:

- **Axenda 2030 Estratexia de Desenrolo Sostible 2030**


Desde a súa adopción en 2015, a Unión Europea (UE) trasladou o seu compromiso coa Axenda 2030 a través de diferentes marcos estratéxicos e declarativos. En novembro de 2016, a Comisión Europea presenta a Comunicación Próximas etapas para un futuro europeo sostible. Acción europea para a sustentabilidade¹⁵, na que por primeira vez expón o seu enfoque estratéxico para a aplicación da Axenda 2030. Un enfoque que se compromete coa inclusión dos ODS no conxunto das políticas e iniciativas da UE, tanto presentes como futuras, tendo en conta as tres dimensións do desenvolvemento sostible como eixos articuladores, así como a través do establecemento dun marco



de gobernanza destinado a impulsar a súa aplicación coa participación do conxunto das institucións europeas, e en alianza coas organizacións internacionais e a sociedade civil.

- **Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050**

Aprobada por Decreto 130/2019, de 3 de outubro, a Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático Enerxía 2050, ten como función primeira abordar a execución e seguimento da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e dos plans de acción derivados desta que deban executarse en ámbitos sectoriais específicos. Dita estratexia establece como meta a longo prazo acadar a neutralidade climática (un equilibrio entre as emisións e as absorcións de gases de efecto invernadoiro derivadas da actividade humana) o antes posible e, a máis tardar, no ano 2050.



Estimación das emisións e das absorcións en Galicia 1990-2050 (EGCCE 2050)

O desenvolvemento do sector industrial na Comunidade de Galicia debe ser compatible ca diminución conxunta e progresiva de emisión de GEI.

- **Estratexia integral de optimización loxística de Galicia. Aprobada polo Consello da Xunta de Galicia con data 7 de novembro de 2019.**

Trátase dunha iniciativa, enmarcada na Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, ten como obxectivo impulsar a mellora loxística tanto do propio sector de transporte e distribución de mercadorías coma dos xestores de infraestruturas e da industria galega que depende dos dous anteriores para ser eficiente na súa cadea de subministro e expedición de produtos.

A creación e ampliación de parques empresariais favorece esta estratexia ó concentrar as industrias en zonas con infraestruturas, polo que a concorrencia ca construción do parque empresarial Palas incide positivamente nela.

- **Plan hidrolóxico Galicia-Costa do ciclo 2015-2021 aprobado por RD 11/2016 do 8 de xaneiro**



Os obxectivos xerais deste plan hidrolóxico son a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.

- **Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021**

Consiste unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marca as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa Comunidade autónoma, atendendo a todos os axentes, públicos e privados, implicados no mesmo.

O Plan desenvólvese a partir de catro eixos: a gobernanza, a xestión, o uso e a difusión e conta con oito liñas estratéxicas:

- L.E.1. Coordinación e organización administrativa
- L.E.2. Preservación e potenciación dos valores patrimoniais do Camiño de Santiago
- L.E.3. Conservación e mantemento do Camiño de Santiago
- L.E.4. Camiño de Santiago medioambientalmente sostible
- L.E.5. Fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeá
- L.E.6. Potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela
- L.E.7. Especialización e calidade no servizo de atención ó peregrino
- L.E.8. Comunicación e divulgación do Camiño e da Cultura Xacobeá

- **Plan estratéxico do Xacobeo 2021**

Este plan establece os eixos estratéxicos e os programas de acción cara ó Xacobeo 2021, evento singular e único que, poñendo en valor o Camiño e a cultura xacobeá, vai vertebrar á sociedade galega e darlle visibilidade no exterior, incidindo positivamente nos desafíos que asume Galicia para a próxima década.

A interacción do plan proposto co Plan Hidrolóxico e cos plans relativos ó Camiño de Santiago analizarase no estudo ambiental estratéxico.

4. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Entre os requisitos que se deben cumprir establece que *"por non someterse a Modificación Puntual a AAE ordinaria, o Plan que desenvolva esta área deberá someterse ó procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica"*.

No artigo 54 da LOT *"Procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria"* indica que o órgano substantivo remitiralle ó órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, acompañada dun borrador do instrumento de ordenación do territorio e dun documento inicial estratéxico, co contido previsto na normativa básica estatal en materia de avaliación ambiental.

Promotor: Xestión do Solo de Galicia XESTUR, S.A. Expediente: 2021AAE2561

- O 05.05.2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un recibe escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo no que solicitaba iniciar o procedemento



de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Proxecto de interese autonómico para ampliación do parque empresarial de Palas de Rei – fase 3" (en diante PIA). Achega un documento ambiental estratéxico e un borrador da proposta.

- O 11.05.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas, ás persoas interesadas e ao público en xeral para que, no prazo de 30 días hábiles, formularan as observacións e suxestións que considerasen oportunas.
- Do período de consultas obtívose o seguinte resultado:
 - o Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo: Resposta(ref: OT-21-077)
 - o Instituto de Estudos do Territorio : Resposta (IET: P-21-343)
 - o Augas de Galicia: Sen Resposta
 - o Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: Resposta (exp: 2021/1544)

4.1.1. Resolución Informe Ambiental Estratéxico

O 15 de xullo de 2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formula o informe ambiental estratéxico (exp. 2021 AAE2561) no que resolve non someter ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Proxecto de interese autonómico para ampliación do parque empresarial de Palas de Rei – fase 3", no concello de Palas de Rei, xa que non se prevén efectos ambientais significativos. Non obstante, para favorecer a integración ambiental da proposta adoptáronse as seguintes determinacións:

– O planeamento deberá conter o estudo de paisaxe que esixe o Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (artigo 35), que será proporcionado e específico ó lugar e ás funcións do planeamento (directriz de paisaxe DX.03), no que se incluírá un estudo detallado da incidencia visual da proposta sobre o núcleo urbano e o Camiño Francés do Camiño de Santiago.

A ordenación proposta deberá ter en conta o resultado destes estudos e adecuarse ás Directrices de paisaxe, en particular as recollidas no apartado DX.10 e a directriz DX.18.

– Co obxecto de dar continuidade á zona verde proxectada para amortecer o impacto visual cara ó Camiño de Santiago Francés, súxírese que os terreos da reserva viaria IC-VIA.2 pasen a formar parte do espazo libre EL.1.

– Para favorecer a conectividade ecolóxica do curso fluvial e a conservación da vexetación autóctona asociada, valorárase integrar no sistema de zonas verdes a parcela de equipamento EQ2 (quinteiro D).

– Na execución da gabia para devolver o regato ó seu trazado natural respectárase a continuidade lonxitudinal do territorio fluvial, a funcionalidade da zona de inundación e o caudal sólido da canle, así como os procesos e a morfoloxía asociados á ribeira fluvial. A revexetación do corredor fluvial procederá fundamentalmente da colonización natural a partir dos hábitats da contorna. Só de ser necesario aplicaranse técnicas de bioenxeñaría para recuperar a vexetación, que en todo caso procederá de variedades autóctonas locais, evitándose os marcos de plantación regulares.

Posteriormente e de acordo co artigo 55 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, faise público o informe ambiental estratéxico do 15 de xullo de 2021, sobre o Proxecto de interese autonómico para ampliación do parque empresarial de Palas de Rei, fase 3, no concello de Palas de Rei no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>) e o 30 de xullo de 2021 publícase no Diario Oficial de Galicia núm. 145 o anuncio (expediente 2021 AAE2561).



4.1.2. Informe Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do cal se desprenden as seguintes:

4. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

4.1. Ordenación proposta

4.1.1. Na documentación achegada xustifícase axeitadamente o cumprimento dos parámetros aplicables segundo a normativa urbanística vixente respecto da edificabilidade, zonas verdes, reservas de arboredo, equipamentos e prazas de aparcamento nos sectores e ámbitos de uso industrial.

4.1.2. Posto que o acceso ao ámbito non pode realizarse directamente desde a estrada N-547 e debe conectarse co sistema viario interior das fases anteriores do parque empresarial, enténdese como o mais idóneo que os terreos da reserva viaria IC-VIA.2 pasen a integrarse no espazo libre EL.1 para completar o cinto verde de amortecemento cara ao Camiño de Santiago Francés.

4.1.3. Aínda que nas táboas da páxina 74 do borrador non se atribúe edificabilidade á parcela destinada a equipamento público no quintero D, o certo é que a ordenanza de equipamentos na que se insire contempla unhas posibilidades edificatorias (ocupación do 70% en B+1) que semellan incompatibles coa preservación do cauce fluvial e a vexetación autóctona existentes, o que cómpre aclarar. En todo caso, tendo en conta que xa se reserva outra parcela con destino dotacional e que non existe un parámetro mínimo que cumprir nos solos de uso industrial, resulta máis racional, dende o punto de vista da ordenación urbanística e do territorio, que este ámbito se integre tamén na zona verde contigua (E.L. 2) favorecendo a conectividade ecolóxica do curso de auga. Por outra parte, lémbrese que, acorde aos artigos 2 e 9.2 da LOT, o proxecto de interese autonómico ten a obriga de identificar e caracterizar este curso de auga e os seus terreos e vexetación de ribeira como elementos da infraestrutura verde de escala local para a conectividade e restauración ecolóxicas.

4.1.4. Con respecto á rede viaria proposta, lémbrese que segundo o artigo 74 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, relativo á características do viario dos novos desenvolvementos, o PIA debe incorporar un caril-bici no seu vial principal proxectado (art. 74.2c), cun largo mínimo de 1,60 metros cando sexan dun único sentido, e de 2,20 metros no caso de ser de dobre sentido, de acordo co deseño da vía (art. 74.1c5).

4.2. Contido e determinacións

4.2.1. O proxecto de interese autonómico incluírá o contido e a documentación regulados nos artigos 44 e 45 da LOT, con especial mención á "Incidencia no planeamento municipal vixente no termo ou termos municipais en que se asente a actuación, coa indicación das determinacións do dito planeamento que resultarán modificadas conxuntamente coa aprobación do proxecto de interese autonómico".

4.2.2. Consonte aos artigos 49.2 e 44.1.g da LOT, o proxecto de interese autonómico establecerá os prazos previstos para o seu inicio e remate aos efectos da súa caducidade.

4.2.3. Acorde á disposición adicional sexta da LOT "empregaranse nos instrumentos de ordenación do territorio os criterios contidos nas Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, aprobadas pola persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo."

5. TRAMITACIÓN



4.1.3. Informe Instituto Estudos do Territorio

Segundo o informe, de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o proxecto deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado, e ademais deberá incluír un estudo detallado da incidencia visual do sector sobre o Camiño de Santiago e sobre o núcleo urbano.

A ordenación deberá ter en conta o resultado do estudo da paisaxe e adecuarse ás Directrices de paisaxe, en particular as relativas aos instrumentos de ordenación de desenvolvementos urbanísticos recollidas no apartado DX.10 e a directriz DX.18, para parques empresariais. En particular, para mellorar a integración paisaxística da actuación, no deseño dos elementos definidores do espazo público (pavimentos, mobiliario, alumeado, plantacións, etc.), recoméndase consultar a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos (dispoñible na páxina web desta consellería) e no caso do pavimento do aparcadoiro e da zona deportiva situada no espazo de cesión dado que linda coa zona de ribeira, recoméndase optar polo emprego de materiais non sellantes e integrados na contorna, como o xabre ou a saburra.

4.1.4. Informe Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Valórase positivamente a redelimitación do ámbito, na que a área industrial se afasta da traza do Camiño, e a proposta de ordenación na que se configura unha barreira visual entre o Camiño e o ámbito de actuación. Non obstante, establécense as seguintes observacións e suxestións ao documento achegado:

a.Na NORMATIVA incluírase un apartado de protección do patrimonio cultural que conteña o réxime de autorizacións¹, os criterios de intervención² e os usos e actividades prohibidas nos Camiños de Santiago³, contidos na LPCG. Poderase engadir o contido da lei ou facer referencia ao seu articulado. Recoméndase a inclusión da referencia aos criterios da “Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago”⁴.

b.A CARTOGRAFÍA recollerá a delimitación dos bens do patrimonio cultural afectado e os seus contornos de protección, tanto nos planos de información como nos de ordenación. Grafarase polo tanto a delimitación da traza, do territorio histórico e da zona de amortecemento do Camiño de Santiago, Camiño Francés, tal e como ven definido no Decreto 227/2011. Lémbrese que na vixente LPCG desapareceron as zonas laterais de protección e a zona de protección do contorno.

c.En canto á ORDENACIÓN do ámbito, o documento propón, en relación coa afección ao Camiño de Santiago, “a creación dunha pantalla de arboredo na faixa verde perimetral da fronte norte que, xunto ca situación das parcelas en pendente descendente respecto do Camiño e a limitación de alturas nas edificacións fará practicamente inapreciable esta ampliación do polígono”.

Se ben a ordenación do proxecto propón unha barreira verde cara a traza do Camiño, esta presenta unha discontinuidade no tramo coincidente co final do vial, precisamente no punto no que o tráfico queda á vista. Tendo en conta que nos criterios que rexen a nova delimitación do ámbito expónse que “non se pode facer un novo acceso



5. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

5.1. OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O presente Proxecto Interese Autonómico ten por obxecto regular a urbanización e a edificación do solo nos terreos dedicados a ampliación do parque empresarial.

A súa vez, ca iniciativa pública de crear un Parque Empresarial búscase acadar un conxunto de obxectivos, que deberán ser modulados polos criterios e condicións derivados da información urbanística. Así, os obxectivos que se pretende acadar pódense agrupar en:

Organización da zona en relación co área urbana

Os obxectivos fundamentais da iniciativa pública concrétanse na necesidade dunha boa accesibilidade dende as vías de comunicación rexionais e nacionais xunto ca maior conectividade posible co área urbana inmediata.

Para iso, débese analizar e plantexar a organización da zona en relación ca rede e o planeamento viario existentes.

Estrutura interna da zona

Os obxectivos que se pretenden acadar na ordenación interna do parque son:

- A solución de accesos
- As necesidades dos empresarios
- Os criterios técnicos sobre a rede viaria, redes de servizos e acometidas posibles para os mesmos
- A solución dos espazos libres
- Outros criterios urbanísticos relativos a implantación doutros servizos e equipamentos.

Normas de uso e de edificación

Este proxecto de ampliación do P.E. Palas de Rei estaba incluído no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia aprobado polo Consello da Xunta o 30.04.2014 (DOG N° 101 de 28.05.2014).

O PSOAEG é un instrumento de ordenación territorial de incidencia supramunicipal redactado ao abeiro do disposto na LOT, modificada pola Lei 6/2007 e do Decreto 80/2000. De acordo con estas normativas, os plans sectoriais deberán establecer, entre as súas determinacións, as medidas para a súa articulación co ordenamento urbanístico municipal e cos demais instrumentos de planificación do territorio. Por outra parte, o Art. 24 da LOT especifica: “*as determinacións contidas nos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal vincularán ao planeamento do ente ou entes locais en que se asenten devanditos plans e proxectos, que se deberán adaptar a eles nos prazos que para tal efecto determinen*”. En consecuencia, os plans urbanísticos municipais anteriores ao PSOAEG que se vexan afectados polas determinacións deste deberán adaptarse á ordenación territorial establecida no nomeado Plan Sectorial.

No que respecta ó Parque Empresarial de Palas de Rei, a súa creación data do ano 1992, momento no que o IGVS e o Concello de Palas asinaban un protocolo para a promovelo, cunha superficie de 75.473 m². Dispoñía naquel momento dun total de 46 parcelas cunha superficie total de 45.441 m². Tendo sido ocupada esa superficie inicial, proxéctase unha ampliación do PE, nomeada como Fase II e que se incluía no PSOAEG arriba mencionado. A superficie comprendida para esa Fase II foi ocupada completamente por unha única empresa, polo que na actualidade non queda solo dispoñible no Parque Empresarial.

En novembro de 2018 (Acordo do Consello da Xunta de 29.11.2018) apróbase a Modificación puntual n° 1 do PSOAEG, recollida na Resolución de 4.12.18 e publicada no DOG de 20.12.2018. Ten como obxecto a modificación de seis actuacións que xa recollía o PSOAEG inicial, entre as que se atopa a nova ampliación do P.E. Palas de Rei, definida agora como Fase III.

Así queda expresado no capítulo 7.2 da Memoria descritiva elaborada para a Modificación puntual n° 1 do PSOAEG: “*A presente modificación plantexa a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei por demanda de solo e non existencia do mesmo. O parque empresarial desenvolveuse en dúas fases, das cales a segunda estaba recollida no PSOAEG pero a día de hoxe está completamente ocupada, imposibilitando o asentamento de novas empresas, polo cal se delimita na presente modificación unha nova fase pasando a denominarse Parque Empresarial de Palas de Rei Fase III con 42.280,56 m²*”.

O apartado 7.3.1. da mesma Memoria descritiva recolle as determinacións xerais a cumprir polas modificacións propostas, dedicando o seu apartado b) ás afeccións sobre o Patrimonio Cultural:

“Antes de levar a cabo calquera actuación sobre o territorio, deberase realizar a antedita prospección co obxecto de identificar con precisión todos os bens con valores merecedores de protección dentro do núcleo. Toda vez identificados, deberanse delimitar os bens e o seu contorno de protección para a súa inclusión no catálogo e a súa representación nos planos de ordenación. O contorno de protección dos bens inmoables de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Na declaración de ben de interese cultural ou na catalogación do ben estableceranse as limitacións de uso e os condicionantes necesarios para a salvagarda do dito contorno de protección, sen que iso supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado.

Debido á potencialidade arqueolóxica das áreas nas que se desenvolven os parques empresariais que nos ocupan, deberán realizarse prospeccións arqueolóxicas intensivas dos seus ámbitos e zonas limítrofes.

No caso de atoparse novos bens, se realizará o correspondente catálogo, se determinarán os contornos de protección e se establecerá normativa de protección, de acordo co artigo 35 da LPCG. Establecerase que calquera actuación que conleve remocións de terras e se realice no contorno de protección dos bens arqueolóxicos catalogados deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura, segundo o artigo 45.1.e da LPCG”.

A intervención arqueolóxica indicada nesas determinacións xerais do PSOAEG modificado convértese, por conseguinte, no fundamento do estudo reflectido no actual documento.





O seu obxectivo é o de identificar todos aqueles bens incluídos no espectro do patrimonio cultural (arqueoloxía, arquitectura e etnografía) existentes dentro da área abarcada polos terreos da ampliación proxectada e o seu contorno próximo. Este coñecemento sobre o elenco cultural presente no ámbito da actividade prevista permitirá a correcta valoración das afeccións que tal actividade poida provocar sobre eses bens e con iso deseñar as medidas a desenvolver para evitar ou minimizar tales afeccións.

A empresa de arqueoloxía DOA SC foi a encargada de levar a cabo esta investigación sobre o patrimonio histórico e cultural da área abarcada polo proxecto de ampliación do Parque Empresarial. As tarefas executadas para tal propósito, os procedementos desenvolvidos e a relación dos resultados obtidos a partir desta investigación son os principais referentes que dan lugar ó corpo do documento que agora se presenta.

2.2. Tramitación administrativa

Para cumprir coas condicionantes dende o punto de vista do patrimonio cultural indicados no apartado anterior, a promotora do proxecto de ampliación do PE, XESTUR SA, encargaba tal actuación á empresa D.O.A., S.C. Tal encargo quedaba materializado mediante contrato menor de servizo con expediente C-2058.

Tendo en conta que a actividade arqueolóxica en Galicia está regulada pola correspondente lexislación sectorial (Lei 5/2016 de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia e Decreto regulador nº 199/1997, de 10 de xullo), o primeiro dos trámites realizados consistiu na presentación do preceptivo proxecto arqueolóxico de prospección.

O devandito proxecto era elaborado por M^a Pilar Fernández Pintos, de DOA SC, quen asumía no mesmo as obrigas e responsabilidades inherentes á dirección da intervención arqueolóxica solicitada.

Remitido ante a DXPC por parte da promotora, o documento tiña entrada na Sede Electrónica da Xunta de Galicia con data 15 de xaneiro de 2020.

A autorización administrativa para poder executar a prospección arqueolóxica detallada no Proxecto recóllese na Resolución da DXPC de data 12 de febreiro de 2020, asinada pola Directora Xeral do Patrimonio Cultural, M^a Carmen Martínez Ínsua.

Comunícase esta autorización á directora do proxecto por medio de notificación electrónica, asinada polo Subdirector Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, Manuel M^a Chaín Pérez, con data 19.02.2020 e CVE: AkXJBIXLS4.

Consta na mesma comunicación o número de expediente ó que se acolle no Servizo de Arqueoloxía (03.H.1107.2020.001), así como o código de autorización asignado ó proxecto polo SXP: CT 102A 2020/073-0.

Unha vez en posesión da autorización pertinente, execútanse os traballos específicos de campo (prospección arqueolóxica de superficie), sendo o resultado e elaboración das referencias obtidas durante tales tarefas os principais compoñentes do actual documento, entendido como Informe final e Memoria Técnica da intervención autorizada.




3. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE ESTUDIO

3.1. Localización da zona afectada

O marco espacial da actuación arqueolóxica desenvolvida cinguiuse á superficie de afección definida para a ampliación do PE Palas de Rei, Fase III prevista. O núcleo desa superficie é a poligonal deseñada para definir a ampliación, a cal acada os 0,03 km² (37.200 m²). Engadíase ó estudo unha área adicional, conformada polo contorno de respecto arqueolóxico, estipulado segundo a lexislación vixente nun perímetro de 200 m contados a partir dos límites da poligonal (*ver detalles no apartado 4.2*).

Nun encadre xeográfico xeral a intervención desenvólvese dentro da provincia de Lugo, situándose cara o límite occidental do cuadrante SO da mesma e limitando coas veciñas provincias de A Coruña e Pontevedra. É neste emprazamento xenérico onde se sitúa o concello de Palas de Rei, ó que pertencen os terreos do parque empresarial e tamén a superficie da Fase III na súa ampliación.



Localización xenérica da zona de intervención dentro do marco autonómico, provincial e municipal

Dentro do termo municipal de Palas de Rei, a intervención efectuada sitúase cara a súa parte centro meridional, enmarcada en terreos da parroquia de San Tirso de Palas e quedando moi próxima ó núcleo urbano e capital do concello. De feito, o ámbito espacial abarcado pola prospección iníciase a uns 200 metros cara o Oeste da casa consistorial, sendo por tanto a propia capital de Palas de Rei a entidade de poboación máis próxima.

O espazo destinado a acoller a ampliación da Fase III ocupará os terreos que lindan co parque empresarial actual pola súa marxe Leste. Completan o encadre poboacional localidades de moita menor entidade, como son as de Lalín (a 370 m ó S) ou A Ponterroxán (a 300 m ó O).




Situación da Fase III de ampliación do PE (polígono azul) no contexto local

3.2. Caracterización arqueolóxica e cultural

Leváronse a cabo as consultas pertinentes no relativo ó patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico da zona de estudo e o seu ámbito próximo, de cara a confeccionar as bases sobre as que se desenvolveu o traballo de campo posterior.

Tales consultas baseáronse nos catálogos existentes que, ante a ausencia de PXOM e catálogo asociado en Palas¹, se centraron na relación dos bens que figuran no Plan Básico Autonómico publicado pola Xunta de Galicia².



Límite definido para a ampliación da Fase III (azul) e bens catalogados na contorna segundo o PBA

O resultado da revisión sobre o PBA ofrece, tal e como se reflicte na imaxe da esquerda, a ausencia de calquera elemento de índole cultural dentro da superficie delimitada para a Fase III da ampliación prevista para o P.E.

Os bens culturais máis próximos sitúanse cara o contorno Norte (Camiño Francés) e marxe Leste (Casa de Rouco e Hórreo de Sanbreixo). Non figura xacemento arqueolóxico algún na zona.

A seguinte táboa recolle as distancias concretas de referencia.

¹ O Concello de Palas de Rei réxese actualmente polas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas o 30.11.1994 e con publicación no BOP de 09.12.1994, que non conteñen relación específica ou catálogo de elementos culturais, citando como referencia de base o inventario que recollían as xa superadas NSPP de 1991.


² O Plan Básico Autonómico (PBA) foi aprobado por Decreto 83/2018, de 26 de xullo, sendo publicado no DOG nº 162 de 27.08.18. Tal e como se describe nas súas disposicións xerais, será de aplicación non concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal ó tempo que terá carácter complementario do ordenamento municipal naqueles concellos que dispoñan del.



Bens catalogados no PBA dentro dun radio aproximado de 500 m respecto á poligonal definida para a ampliación do P.E., Fase III:

PBA Id	Nome	Lugar	Parroquia	Categoría	Distancia á Fase III do PE
25049	Casa de Rouco	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Arquitectura Civil	115 m ó L
25050	Hórreo de San Breixo	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Etnografía	151 m ó NL
25048	Casa do Concello	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Arquitectura Civil	421 m ó L
25047	Igrexa parroquial San Tirso	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Arquitectura Religiosa	529 m ó L
	Camiño Francés	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Camiño de Santiago/BIC	40 m ó N

A modo de complemento adicional, e tendo en conta que a zona de estudio se insire no ámbito de protección delimitado para o Camiño Francés de Santiago, acudiuse tamén á información propia elaborada no seu momento (Decreto 227/2011, de 2 de decembro), de cara a complementar no posible a información contida no PBA.



Elementos culturais relacionados do Camiño Francés respecto da superficie de ampliación deseñada para o P.E.

Tal e como recolle a imaxe da esquerda, na documentación relativa ó Camiño Francés figura algún que outro ben non considerado no PBA.

En todo caso, todos estes elementos sitúanse dentro do núcleo de Palas e, por tanto, bastante afastados da nosa zona de estudio.

De novo se reitera a total ausencia de bens de índole cultural dentro da superficie definida para a Fase III nin na súa contorna máis inmediata.

Cabe sinalar que estes elementos adicionais non se atopan recollidos no PBA, polo que a día de hoxe carecen de protección específica no marco normativo vixente. Recóllense na táboa as distancias de referencia respecto da poligonal definida para a Fase III.

PBA Id	Nome	Lugar	Parroquia	Categoría	Distancia á Fase III do PE
-	Fonte	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Arquitectura	356 m ó L
-	Cruceiro do Peregrino	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Etnografía	422 m ó L
-	Cruceiro da Igrexa de San Tirso	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Etnografía	544 m ó L
-	Casona xunto a igrexa de San Tirso	Palas de Rei	Palas de Rei, San Tirso	Arquitectura	559 m ó L

O resultado da investigación previa sobre o contexto cultural da zona de estudio é, segundo os datos presentados aquí, bastante claro e homoxéneo: non existe ningún ben cultural dentro da superficie que se prevé ocupar coa Fase III do P.E. nin tampouco nos seus lindes inmediatos. Os elementos máis próximos son o trazado do Camiño Francés (a 40 m ó N da poligonal) e o hórreo de San Breixo (115 m ó L).

A prospección de superficie efectuada cos traballos de campo permite concretar de forma máis tanxible a situación patrimonial do ámbito de estudio, cos detalles e características que se reflicten no apartado de resultados deste documento.



3.3. Detalles sobre a ampliación proxectada (Fase III)

Na *Modificación puntual nº 1 do PSOAEG* recóllense os criterios xerais que rexerán a así chamada Fase III da Ampliación do Polígono Empresarial de Palas de Rei. O seguinte extracto reflicte os elementos esenciais que tal documento inclúe.

<p style="text-align: center;">O parque empresarial do Palas de Rei-Fase III</p>  <p style="text-align: center;">Superficie total do ámbito: / Superficie total del ámbito: 42.280,56 m²</p>	<p>Criterios de modificación (Cap. 7.2): Os factores estruturantes, ambientais, patrimoniais e físicos permanecen practicamente nos mesmos valores que para a fase II analizada no PSOAEG, ao igual que os non estruturantes, o axuste á demanda estimada non sobre variación. Por outra banda o solo no que se atopa a delimitación da actuación que nos ocupa (fase III) está clasificado como: solo urbano, non urbanizable común e solo non urbanizable de protección agrícola e forestal nas normas vixentes, clasificación que varía con respecto á reservada na fase II porque incorpora o solo urbano. A ubicación elexida ten como referencia as dúas fases existentes e a factibilidade de desenvolvemento dunha terceira.</p> <p>Determinacións particulares para a modificación do PE Palas de Rei Fase III (7.3.4): A nova actuación delimitada afecta a unha nova clase de solo, solo urbano, non afectado na actuación anterior pero non se considera que altera as determinacións contidas no PSOAEG. Por non someterse a Modificación Puntual a AAE ordinaria, o Plan que desenvolva esta área deberá someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica. (...) O acceso da fase III do Parque Empresarial de Palas de Rei á rede viaria non poderá realizarse directamente desde a estrada N-547 debendo conectarse ao sistema viario interior das fases anteriores do citado Parque Empresarial (...). Análise da relación do PSOAEG co patrimonio cultural (XIV.1): O eido afecta ao BIC Camiño de Santiago Francés. Adoptaranse as medidas contidas nos apartados 7.4 e 7.5. A afección ao Camiño poderá provocar condicións na ordenación dunha franxa de terreo que teña suficiente amplitude para garantir a súa protección.</p>
--	---

Extracto de criterios e consideracións a ter en conta na Fase III do PE Palas de Rei contidos na Modificación puntual nº 1 do PSOAEG

Nos estudos específicos realizados para desenvolver o proxecto sectorial da Fase III fíxose unha análise sobre as afeccións ó territorio para a delimitación contida na modificación do PSOAEG, detectando varias cuestións a resolver: solape co solo urbano que afecta a dúas edificacións existentes, illa de terreo en solo rústico de protección ordinaria non incluída e falta de adaptación dos límites suxeridos respecto do parcelario existente.

De cara a resolver estas incongruencias, deseñouse unha nova proposta de delimitación desta Fase III:

	<p>Criterios da nova proposta de delimitación:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Xa que coma non e pode facer un novo acceso á estrada N-547, propónse eliminar a afección ó solo urbano e polo tanto ás edificacións existentes. Deste xeito tamén se elimina a afección da estrada · Eliminar a illa de solo rústico entre o parque existente e a ampliación · Axustarse ó parcelario existente · Resolver o acceso dende o parque existente <p>Especificacións da proposta:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Conectar co viario existente na primeira fase (rotonda), para o que habería que modificar a ordenación actual, eliminando parte da zona deportiva e trasladándoa á nova ampliación · Establecer unha zona verde perimetral recollendo o regato existente na zona S e como barreira visual na zona L, cunha ordenación que permita a ampliación do parque existente. <p>Resultados da proposta:</p> <ul style="list-style-type: none"> · A imaxe da esquerda reflicte a área redelimitada, coa superficie eliminada e cor vermella e en azul a agora engadida. · A superficie quedaría en 38.067 m², cunha variación de 4213,56 m² respecto da orixinal (42.280,56 m²), o que resulta o 10% de variación. A superficie que varía na nova delimitación afecta a 10.426,85 m², representando un 24,7% sobre a orixinal. As variacións indicadas cumpren coas determinacións que establece o artigo 5.3 do PSOAEG.
---	--



Esta nova proposta de delimitación para a Fase III ven supoñer a resolución das cuestións máis problemáticas detectadas no deseño inicial recollido no PSOAEG:



A imaxe da esquerda recolle a delimitación definitiva deseñada para esta Fase III da ampliación (contorno azul), en relación cos límites iniciais marcados no PSOAEG (polígono vermello).

Os axustes efectuados a partir dese último levantamento topográfico para a nova proposta de delimitación indican que a área completa definida abarca un total de 37.199,69 m².

Foi a totalidade desa superficie (0,037 km²) o centro principal da intervención arqueolóxica efectuada.

Os pormenores da devandita actuación son os que forman o contido do capítulo que se presenta a continuación.

4. DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA

4.1. Obxectivos e Finalidade

A actuación arqueolóxica executada, e que conforma o núcleo do presente documento, estivo centrada na realización dun estudo arqueolóxico sobre a superficie delimitada na documentación que integra o “Proxecto de Ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei, Fase III”.

Tal estudo tivo como base a posta en práctica dunha prospección superficial da área comprendida por todo o espazo a ocupar coa ampliación deseñada, así como dos terreos enmarcados nos 200 metros de radio en todo o perímetro deses límites.

Esta intervención inscríbese na modalidade de avaliación previa e atópase xustificada, ademais de polo indicado nas normativas xenéricas sobre avaliación de impacto ambiental, no cumprimento das determinacións xerais establecidas no apartado 7.3.1 da Memoria descritiva da modificación puntual nº 1 do PSOAEG (ver apartado 2.1 do presente documento).

O estudo arqueolóxico efectuado tivo como principal pretensión a de realizar unha inspección específica sobre a superficie afectada pola proposta de delimitación da Fase III no PE Palas de Rei. O principal destino dos resultados obtidos é o de seren empregados para identificar aquelas posibles afeccións que, en materia cultural, poidan resultar da posta en práctica desa ampliación.

De tal forma, a finalidade última desta intervención é a de levar a cabo a valoración sobre o impacto patrimonial do proxecto de ampliación en trámite, cumprindo así as determinacións impostas pola normativa base de aplicación. A partir desa identificación do posible impacto cultural é factible valorar a incidencia das obras programadas sobre o ben ou bens afectados. Con iso conséguense -previa conformidade cos organismos competentes nesta materia- adoptar as solucións máis axeitadas para paliar ou minimizar tales efectos.



4.2. Definición e deseño da Intervención arqueolóxica

A realización da actuación arqueolóxica mantivo como eixo central a exploración e estudo dos terreos abarcados dentro da delimitación deseñada para a *Ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei, Fase III*, así como nas marxes de cautela establecidas pola normativa hoxe vixente e que, como tal, figuran no presente documento.


Este tipo de actuacións encádranse dentro da categoría de prospección arqueolóxica, a cal se define en la Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galicia, da seguinte forma (Art. 95): *“a exploración superficial e sistemática sen remoción de terras, tanto terrestre como subacuática, dirixida ao estudo e investigación para a detección de restos históricos, así como dos compoñentes ambientais relacionados con estes. A prospección abarca a observación e o recoñecemento sistemático de superficie y tamén a aplicación das técnicas que a arqueoloxía recoñece como válidas”*.

En base á lexislación sectorial vixente, o cometido das tarefas arqueolóxicas iniciábase coa tramitación administrativa do proxecto de actuación elaborado a tal efecto e por medio do cal se obtiña a preceptiva autorización para levar a termo a prospección superficial deseñada.

A intervención propiamente dita (traballo de campo) baseouse na exploración superficial dos terreos delimitados a tal efecto (conxunto das bandas de estudo definidas no proxecto autorizado). Esta modalidade de traballo (prospección) estivo dirixida á localización e identificación dos distintos bens categorizables como patrimonio cultural, así como á delimitación máis precisa posible dos seus espazos inmediatos e relacionables. A documentación así obtida posibilitou a realización das correspondentes valoracións sobre os distintos riscos de afección que os bens identificados poidan sufrir cos traballos proxectados para a Fase III de ampliación do P.E.

As superficies investigadas no presente estudo quedaban definidas xa no proxecto arqueolóxico autorizado no seu día pola DXPC. Manexáronse para tal delimitación os dous factores básicos empregados neste tipo de intervencións: superficie do proxecto de ampliación e franxa de respecto arqueolóxico. Cada un destes conceptos queda definido como sigue:

- *Superficie do proxecto de ampliación*: a área completa así definida na documentación aportada (37.199,69 m²)
- *Franxa de respecto arqueolóxico*: perímetro de 200 m de radio contados a partir da superficie de proxecto³




³ Baséase esta superficie no estipulado pola lexislación sectorial vixente (Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia). No seu artigo 38.2 define os contornos de protección subsidiarios para as distintas categorías de bens catalogados e que afectan a todas as clasificacións de solo que non sexan urbanas ou de núcleo rural. Ese contorno establécese en base a unha franxa –con anchura variable segundo categoría– que debe medirse a partir do elemento ou vestixio máis externo do ben que se protexe. No caso dos ben do patrimonio arqueolóxico estipula para dita franxa 200 metros.



A partir destas delimitacións a superficie de intervención completa abarcou un total de 336.838,22 metros cadrados. Tal e como xa se establecía nas propostas do proxecto arqueolóxico autorizado, as dúas áreas diferenciadas que compoñen esta superficie global servían tamén para marcar modalidades de traballo distintivas.

Así, a superficie que corresponde ós límites do proxecto de ampliación da Fase III convertíase na zona de actuación prioritaria, mentres que a franxa de respecto arqueolóxico entendíase como a área secundaria. Tales demarcacións pretendían atender ós intereses e necesidades propias de cada un deses espazos, polo que se mantivo tal distinción no traballo de campo executado. Os procedementos empregados en ambas zonas adaptáronse ás súas distintas circunstancias:

- **Superficie principal:** comprende o espazo completo delimitado para a ampliación da Fase III, tal e como se presenta na cartografía facilitada por Xestur. Nel desenvolveuse a prospección arqueolóxica máis intensiva dentro do posible, procurando identificar todo elemento susceptible de ser incluído en calquera das tres grandes categorías do patrimonio cultural (arqueoloxía, arquitectura e etnografía). A superficie así delimitada é de 0,037 km², aínda que algunha pequena zona foi excluída da exploración (ó atoparse xa ocupada por instalacións do parque empresarial existente). A razón de querer concentrar o maior esforzo investigador dentro desta área respondía ó feito de que os bens identificados nela son os que ostentan unha posición máis vulnerable en canto a riscos de afección directa.
- **Área secundaria:** abarcaba todo o ámbito espacial comprendido nos 200 metros de radio, a contar desde o perímetro exterior delimitado para a zona principal. Aínda que a área total chegaba ós 0,30 km² tamén neste caso foi necesario renunciar a unha parte dela, concretada no sector Oeste da mesma: toda a marxe centro occidental corresponde ó parque industrial existente, xa modificado e alterado polas construcións e urbanismo practicados nese terreo. Na restante superficie a modalidade de prospección procurou combinar pautas de tipo extensivo e intensivo, en función da maior ou menor proximidade á área prioritaria e tendo como base as seguintes distancias de referencia:
 - 0-50 m do perímetro exterior: sendo esta zona a que marca o contorno e os límites coa superficie principal, resultou obxecto dunha maior especificidade de estudio. Por mor das transformacións acaecidas no sector oriental, a inspección de superficie centrouse sobre todo nas marxes Leste e Sur deste ámbito, quedando o lado Norte revisado de forma só visual, a causa das dificultades (cando non directamente impedimentos) de acceso libre a esa zona. A intención era aquí de procurar localizar todos os bens clasificables en calquera das tres categorías culturais (arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica), por ser esta a zona máis próxima ós límites establecidos para a ampliación da Fase III.
 - 50-100 m do perímetro exterior: dentro desta delimitación, os traballos desenvolto mantiveron un carácter moito máis puntual, coa fin de identificar sobre todo aqueles elementos arquitectónicos e arqueolóxicos inventariados que se emprazasen dentro da mesma. Aínda así, recolléronse tamén datos xerais sobre bens doutras categorías.
 - 100-200 m do perímetro exterior: nesta franxa a actuación procurou centrarse principalmente en identificar tanto os bens xa catalogados como posibles evidencias arqueolóxicas. Para iso levouse a cabo unha inspección visual naquelas zonas onde, sendo factible o acceso, puidera presupoñerse a existencia dalgún tipo de xacemento en base a trazos topográficos ou patróns de emprazamento.



Distribución da área secundaria de prospección por distancia e graos de intensidade: 50 m (verde), 100 m (laranja) e 200 m (violeta)





4.3. Plan de Traballo e Metodoloxía aplicada

Seguindo as esquematizacións de traballo propostas no Proxecto de Actuación autorizado, coa súa adaptación final á realidade da superficie intervida, expóñense de seguido as principais tarefas desenvolvidas ó longo da intervención arqueolóxica. Empréganse para iso as subdivisións en que se partían daquela as tres etapas da actuación (Planificación, Intervención de campo e Elaboración de resultados).

Fase I: Planificación. Esta primeira etapa tivo como principal obxectivo a preparación de todos aqueles referentes necesarios para o axeitado desempeño do traballo de campo posterior. Destácanse agora as principais tarefas executadas a tal efecto.

I.a. Preparación de cartografía: para a contextualización xenérica da zona de intervención máis planificación básica usáronse planimetrías a media e gran escala, con proporcións entre 1/50000 e 1/10000. Para a execución directa do traballo de campo eran precisas, pola contra, cartografías de maior detalle, nas que poder localizar de forma precisa os elementos e zonas a investigar. Manexáronse neste senso as distintas planimetrías facilitadas polo IET da Xunta de Galicia (relevo con MDT, evolución fotográfica PNOA ...). A iso uníase a planimetría específica da ampliación Fase III (escala 1/1000) a partir da que se obtiñan os límites en detalle das zonas afectadas e as diferentes dedicacións previstas en cada zona dentro desa superficie. A presentación dos resultados realízase combinando todas estas opcións cartográficas.

I.b. Investigación bibliográfica: obras xerais e de divulgación foron as fontes principalmente consultadas para obter unha caracterización xeral sobre o municipio e área de estudo. A investigación máis pormenorizada sobre o ámbito de prospección asentouse sobre todo nas consultas ó catálogo de bens culturais recollido no Plan Básico Autonómico e ós detalles sobre o Camiño Francés recompilados para a súa delimitación (Decreto 227/2011). Os resultados destas tarefas quedaron xa expostos en capítulos anteriores da actual memoria.

I.c. Consulta das Fichas de Inventario de Patrimonio: leváronse a cabo as consultas pertinentes na DXPC (Servizo de Arqueoloxía) co obxectivo de coñecer se existían na zona elementos arqueolóxicos non incluídos no PBA. O resultado destas labores foi negativo.

I.d. Investigación toponímica: esta actividade, entendida como a busca concreta de termos susceptibles de conter un significado arqueolóxico e/ou patrimonial foi desenvolvida a partir das distintas cartografías manexadas, prestando especial atención a aquelas de menor escala. Os resultados desta primeira actuación non ofrecían denominación algunha destacable. Facíase despois a revisión sobre a micro toponimia catastral publicada (sede virtual do Catastro), con resultados similares.

Fase II: Intervención. Os traballos de prospección arqueolóxica das superficies detalladas comezaban unha vez recibido o pertinente permiso por parte da administración, coa preceptiva comunicación á mesma do inicio da actividade. A duración destes traballos, datas e demais aspectos relacionados recóllense no apartado 4.4 do presente documento.

O obxectivo principal da intervención en campo baseábase na localización de todos aqueles bens encadrables no patrimonio cultural que se situasen dentro do ámbito delimitado para o estudo. Estes bens culturais serían os que posteriormente integrasen o Catálogo de Elementos do patrimonio cultural confeccionado para a presente intervención, segundo se amosa nos capítulos posteriores desta memoria.

Tal e como xa se expoñía no proxecto arqueolóxico autorizado e atendendo ós dous ámbitos de actuación diferencial delimitados (ver apartado anterior), as tácticas despregadas no traballo de campo bascularon entre dúas modalidades de procedemento:

II.a. Prospección intensiva de xacementos arqueolóxicos: no proxecto autorizado programábase levar a cabo esta modalidade de intervención dentro da chamada "Superficie principal" da área de estudo. En toda ela prevíase realizar un exame exhaustivo dos terreos, buscando non só a chamada arqueoloxía visible senón tamén aquela que non deixa pegadas observables na paisaxe. Aplicaríase para iso o método da revisión pormenorizada daquelas zonas que presentasen remocións de terras recentes (onde é posible detectar indicios materiais ou vestixios estruturais normalmente non perceptibles). Porén, o estado xeral de todo o ámbito abarcado nesta "Superficie principal" non posibilitou en caso algún o despregue de tal táctica intensiva, xa que a práctica maioría desa área mantén unha dedicación gandeira, con parcelas de prado onde a cobertura vexetal só permitía a inspección superficial xenérica da mesma.

II.a. Prospección extensiva xeral: encamiñada á busca tanto de xacementos arqueolóxicos visibles como de elementos arquitectónicos ou etnográficos, prevíase como a principal modalidade de traballo a despregar na chamada "Área secundaria" do ámbito en estudo. Aínda que foi nesta zona onde se emprazan todos os elementos detectados nos traballos, cabe sinalar que a actuación resultou eivada polas condicionantes de uso e ocupación dunha boa parte do ámbito: parque empresarial na metade Oeste, estrada nacional polo N, grupos de vivendas no N e NL así como parcelas pechadas en varias zonas provocaron que parte deses ámbitos se excluísen da inspección. Foron sobre todo os sectores Leste e Sur onde se centraron os esforzos prospectores, coincidindo co conxunto de parcelas con dedicación agro gandeira. A pesares de que a





vexetación existente nalgúns puntos e os accesos pechados en varias fincas dificultaron as opcións de inspección, as condicións xerais de visibilidade resultaron aceptables.

Fase III: Elaboración de Resultados. Iniciábase esta etapa tras teren finalizado os traballos de campo. Nela procésanse os resultados obtidos nas fases anteriores, levando a cabo as tarefas necesarias para cumprir cos obxectivos marcados para o conxunto da intervención.

Dado que a finalidade principal desta intervención arqueolóxica era a avaliación dos efectos do proxecto de ampliación do PE Palas de Rei desde unha perspectiva cultural, os procedementos seguidos para tal fin poden esquematizarse nos que a continuación se detallan:

III.a. Confección do Catálogo de Elementos: nel intégranse todos aqueles bens de índole cultural situados dentro da área de estudo, tal como se identificaban no traballo de campo. Realízase para cada un deles unha descrición pormenorizada, baseada na Ficha de Identificación que se recollía no proxecto arqueolóxico autorizado e que se plasma no apartado 5.A.2 da presente memoria. Acompañan a tales descricións os detalles fotográficos precisos e a localización cartográfica do elemento, empregando para iso como referencia a cartografía de proxecto.

III.b. Análise de afeccións e Valoración de Impactos: realizada tamén de forma individual para cada un dos bens que conforman o Catálogo de Elementos. Consiste en esencia en prever os posibles riscos que a execución das distintas obras proxectadas poida supor sobre cada elemento cultural. Os factores a considerar son múltiples: desde os trazos do ben en cuestión (natureza, estado, normativa de protección...) ata as características concretas dos traballos proxectados no seu contorno (distancias de referencia, posibles sinerxías...). Os datos xerados quedan plasmados na táboa realizada a tal efecto e que se basea no modelo xa proposto no proxecto arqueolóxico autorizado, cuxa representación definitiva se recolle no capítulo 5.B.1 deste documento.

III.c. Proposta de Medidas Correctoras: tomando como base as valoracións anteriores deséñanse as pautas a poñer en práctica durante a execución das tarefas vinculadas ó proxecto de ampliación da Fase III no PE Palas. Estas pautas poden ser de tipo preventivo, paliativo ou corrector e a executar de maneira previa ou simultánea ás obras agora en proxecto. As medidas propostas foron adaptadas ás circunstancias concretas da intervención e á natureza dos elementos identificados. Quedan reflectidas no capítulo 5.B. desta memoria.

Recóllese de seguido o modelo de táboa empregado para a análise de afeccións e valoración de impactos, tomado da proposta que xa aparecía no proxecto arqueolóxico autorizado.

Nº DE ORDE: <i>(o mesmo que na Ficha de Identificación)</i>		
Clasificación del elemento: <i>(Idem)</i>		
Área de protección legal: <i>(1)</i>	Catalogado en Ordenamento: <i>(2)</i>	Nº de Catálogo: <i>(2)</i>
Obra máis próxima <i>(3)</i>	Situación respecto á obra: <i>(3)</i>	Distancia: <i>(3)</i>
Análise da Afección e Valoración do Impacto:		
Relación coas obras previstas: <i>(4)</i>		
Valoración do Impacto:	<i>(5)</i>	
Medidas Correctoras	<i>(6)</i>	

(1) Área de protección legal: désignase o ámbito de protección establecido para o elemento en cuestión, que de maneira xenérica, e á falta de planificación específica, é o denominado como Contorno de protección subsidiario pola Lei 5/2016 del Patrimonio Cultural de Galicia no seu artigo 38, segundo se concretaba en apartados anteriores.

(2) Catalogación en Ordenamento: detállase se o ben en cuestión se atopa incluído no inventario de bens protexidos pola normativa de ordenamento municipal, indicando igualmente o código ou número que en dito catálogo lle é asignado.

(3) Situación respecto ás obras: dentro do proxecto xeral das obras previstas, sinalase aquí aquela zona de traballo que se confire como a máis próxima ó elemento, indicando igualmente a situación xeográfica da mesma respecto ó ben patrimonial así como a distancia que separa a ambos.

(4) Relación coas obras previstas: da forma máis detallada posible, descríbese a situación do elemento en relación ós traballos proxectados no seu entorno próximo, incluíndo as previsións de afección que a posta en práctica de ditos traballos suporía sobre o ben patrimonial en cuestión.

(5) Valoración do Impacto: para a súa correcta definición, séguense as designacións establecidas no Real Decreto 1131/1988 de 30 de Setembro (xa derogado pero que se manteñen no apartado 8, Anexo VI da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental):

- Impacto Compatible: aquel no que a súa recuperación é inmediata tralo cese da actividade, e non precisa prácticas protectoras ou correctoras.
- Impacto Moderado: aquel no que a súa recuperación non precisa prácticas protectoras ou correctoras intensivas, e no que a consecución das condicións iniciais require certo tempo.
- Impacto Severo: aquel no que a recuperación das condicións do elemento esixe a adecuación de medidas protectoras ou correctoras, e no que, aínda con esas medidas, aquela recuperación precisa un período dilatado.
- Impacto Crítico: aquel no que a súa magnitude é superior ó limiar aceptable. Con el prodúcese unha perda permanente de calidade das condicións do elemento, sen posible recuperación, incluso coa adopción de medidas protectoras ou correctoras.

(6) Medidas Correctoras: detállanse aquelas pautas que foron deseñadas para minimizar ou paliar os efectos previsibles das obras sobre o elemento cultural identificado. A serie de medidas aquí detalladas enténdense como propostas de actuación, que en todo caso deberán ser confirmadas pola administración competente (DXPC).

A presente Memoria recolle todas estas circunstancias, erixíndose así como a representación palpable do termo e finalización de todos os traballos incluídos na intervención arqueolóxica autorizada no seu día.





4.4. Duración da actuación e Equipo técnico executor

Tras ter recibido a preceptiva autorización administrativa, procedíase a iniciar o traballo de campo correspondente (prospección de superficie), o cal foi executado empregando para iso a única xornada que xa previa no proxecto de referencia.

Así, o inicio da intervención de campo era comunicado ante a DXPC (en atención ás obrigas establecidas no Decreto regulador da actividade) mediante escrito a tal efecto asinado pola directora da prospección. Esa comunicación realizábase con data 20 de maio de 2020 ante a Sede Electrónica da Xunta de Galicia e empregando para iso o modelo de solicitude xenérica (PR004A) e onde se sinalaba esa mesma data como momento a partir do cal se podería efectuar a revisión de campo. O xustificante da presentación no rexistro electrónico ten número de entrada 2020/866066 e CVE: 59e86eba-6db7-31b8-9678-c87a8c539cd8.

Por mor das especiais circunstancias impostas pola situación sanitaria, os labores relacionados coa fase de prospección non se deron por rematados ata a xornada do 26 de maio de 2020, feito así comunicado mediante novo escrito ó efecto remitido á DXPC. O método de entrega usado foi o mesmo que no caso do inicio (arquivo pdf anexo ó modelo PR004A na Sede Electrónica da Xunta de Galicia). Tiña entrada esta comunicación do final de obra o día 29.05.2020, con xustificante de entrada 2020/937838 e CVE: 9c78ad6d-c8aa-34c5-bdf3-500af6a7b2e.

O equipo encargado do desenvolvemento dos traballos expostos neste documento estivo conformado polos dous técnicos arqueólogos que xa figuraban na proposta presentada no proxecto autorizado e coas mesmas funcións esenciais especificadas (arqueóloga directora máis técnico axudante).

De tal xeito, o persoal arqueólogo que tomou parte nos traballos necesarios para elaborar a presente memoria estivo composto polos integrantes que agora se indican e coas funcións e responsabilidades que tamén se recollen:

Arqueóloga Directora: M^a Pilar Fernández Pintos
Proxecto, traballo de campo e Memoria

Arqueólogo axudante: Juan Carlos López García
Traballo de campo



5.- PRESENTACIÓN DE RESULTADOS

No actual capítulo expóñense os principais resultados obtidos a partir da execución global da actuación arqueolóxica autorizada. Esta presentación lévase a cabo en base ós dous obxectivos primordiais da intervención: localización de elementos culturais e valoración de posibles afeccións sobre os mesmos por parte das obras en proxecto.

5.A. Superficie intervida e Elementos localizados

A relación de apartados que se integran neste epígrafe iníciase cunha descrición da zona que resultou obxecto de estudio –efectuada dende unha óptica xeográfica e arqueolóxica- para presentar despois a relación de elementos culturais identificados dentro da mesma.

5.A.1. Descrición da superficie de estudio

As características do terreo investigado (topografía, modificacións, condicións de ocupación e usos do solo) condicionan en gran medida non só o desenvolvemento da actividade prospectora senón tamén a mesma potencialidade cultural da zona. Por tal motivo preséntase de seguido unha descrición valorada dos factores máis destacados que, dende esta perspectiva, se observaron dentro da área obxecto da intervención.

Usos e ocupación do solo: o ámbito investigado podería cualificarse como un entorno periurbanizado, no que se mesturan trazos rurais con elementos de indubidable carácter urbano. Conviven neste espazo o parque empresarial (ocupando o terzo centro oriental) con pequenas agrupacións de vivendas en núcleo rural (sector NNL) e parcelas de uso agro gandeiro (terzo centro oriental e toda a metade S). Vemos con esta situación zonas considerablemente alteradas fronte a outras que aínda preservan os usos tradicionais dos terreos.

Esta dicotomía mantense tamén no relativos ás vías de tránsito, presididas polo paso da estrada N-547 que atravesa o ámbito de estudio polo seu sector N cun sentido L-O. Cara esta estrada principal conflúen a maior parte dos viarios presentes na zona investigada e que manteñen trazas ben distintas: dende as rúas amplas do parque empresarial ata as estreitas pistas asfaltadas que acceden ós grupos de vivendas unifamiliares dos sectores N e L, ás que se engaden algúns pequenos camiños para acceso ás parcelas agrarias da marxe meridional e que son prioritariamente de uso privado.

Topografía: a morfoloxía da superficie en estudio ven marcada pola presenza dun pequeno curso de auga (afluente polo L do regato do Roxán) que atravesa o terzo Sur deste ámbito cunha dirección LNL a OSO. Así, toda a beira Norte deste rego mantén unha inclinación en pendente suave con sentido de descenso de NL a SO, mentres que na ribeira Sur a inclinación predominante marca unha dirección de LNL a OSO. A pesar destas diferenzas, as cotas altitudinais mantéñense nun rango moi similar en toda a área intervida: dos 535 msnm da esquina NL ós 500 msnm da esquina SO. Pódese dicir que nos atopamos nunha área de suave valgada que bascula polo xeral de NL cara SO, marcada polo paso de cursos de auga de pouca entidade e onde non se dan outros accidentes topográficos de importancia. Nunha vinculación coas descricións anteriores, vese que nas zonas máis altas (parte N e NL) predomina o uso residencial mentres que as áreas máis baixas se dedican a prados e cultivos.

A combinación destes factores influíu claramente no desenvolvemento da exploración arqueolóxica: ademais de excluír dos traballos a parte ocupada polo polígono empresarial, tivo que reducirse a unha mera perspectiva visual nas zonas habitadas (zona N, NL e L) ó tempo que houbo de adaptarse á dificultade de accesos ás parcelas gandeiras (sector S).

Por outra banda, a ausencia de remocións de terra recentes que puideran ser revisadas impediu a práctica da prospección intensiva, razón pola que a intervención tivo que basearse exclusivamente na busca de elementos con estruturas perceptibles na paisaxe.

As tomas fotográficas que se recollen a continuación pretenden reflectir estas diferenzas na diversidade de usos e forma de ocupación que acaban de expoñerse.





Tendido eléctrico que cruza o terzo S da área de prospección, visto dende L



N-547 á altura do P.E., vista dende O



Praderías e camiños de terra cara a parte S da área de estudo, co P.E. ó fondo. Panorámica tomada dende S



Vivendas e fincas de labor cara o extremo NNO da área de prospección (zona próxima ó mercado de gando). Panorámica tomada dende O



Zona>NNL da área de prospección, onde o Camiño de Santiago se achega de novo á N-547. Combinanse fincas a prado con edificacións de distintas tipoloxías e o contorno empresarial (parcela con vehículos agrícolas abandonados ó fondo). Vista dende N



Aínda coas restricións impostas polas condicionantes do terreo indicadas ata aquí, compre sinalar que a práctica da prospección levada a cabo pode considerarse axeitada, contando coas garantías de detalle suficientes para acadar os obxectivos pretendidos co traballo.

Coa intención de confirmar o anterior argumento, recóllense de seguido os pormenores da investigación posta en práctica, empregando a tal fin a análise sobre o potencial arqueolóxico e cultural da área investigada xunto coas actividades despregadas na intervención.

•**Potencial arqueolóxico:** segundo xa se avanzaba no proxecto autorizado e se confirmaba en apartados previos desta memoria, tanto a área de estudo como a súa contorna próxima carecen de restos de índole arqueolóxica catalogados ou coñecidos. Os traballos agora realizados non chegaron a modificar esta situación: nin a micro toponimia de catastro nin a revisión sobre a cartografía volumétrica recente (MDT-Lidar) permitiron detectar novas posibilidades neste campo.



Cartografía de relevo (sombreado Lidar) empregada na análise arqueolóxica da zona coa localización das fotografías que se acompañan de seguido



Foto A: a ausencia de accesos non permitiu revisar o pequeno outeiro emprazado no extremo LSL da área de prospección, afectado por tendido eléctrico. Vista dende SO






Foto B: o terzo Sur da área de prospección presentaba terreos con boa visibilidade e sen vestixios potenciais detectables. Vista dende S



Foto C: dentro da área principal de prospección (futura ampliación da Fase III) dominaban as praderías, con terreos en suave descenso cara o regato e onde non se detectaron nas análises cartográficas ou de campo indicios de potencialidade arqueolóxica. Vista dende O

•**Potencial arquitectónico e etnográfico:** máis aló dos elementos catalogados xa coñecidos (hórreo de Sambreixo e Casa de Rouco) tampouco nestas categorías se deron avances significativos cos traballos de inspección efectuados. No que atinxe á parte de arquitectura, a revisión de campo permitiu comprobar que os inmobles presentes na zona de estudo carecían de elementos significativos ou diferenciadores. Moi similares son as conclusións pola parte etnográfica, onde os únicos elementos que puideran entrar nesta categoría serían os hórreos (chegaron a verse 3, en distintos puntos da superficie).



Localización dos tres hórreos (puntos laranxa numerados) de construción recente dentro da área completa de prospección (raiado malva) sobre cartografía BTG e PNOA



Porén, os tres exemplares localizados están construídos en materiais non tradicionais (tixolo, cemento ou formigón), sendo de creación bastante actual. Por este motivo non se inclúen no catálogo de elementos a valorar, limitándonos unicamente a recollelos neste apartado preliminar.



Hórreo 1: pequena construción en cemento e ladrillo a carón do lateral O da vivenda. Vista tomada dende S



Hórreo 2: realizado completamente en ladrillo, sobre o muro de bloques que pecha o espazo da propiedade. Vista tomada dende N



Hórreo 3: construción totalmente actual en formigón e ladrillo localizada nas inmediacións setentrionais da Casa de Rouco. Vista dende L


Outro elemento de caracteres etnográficos localizouse á beira da pista que pasa por diante da Casa de Rouco e corresponde a un conxunto de pía de auga máis lavadoiro aínda que ambos elementos teñen trazas construtivas ben distintas: a pía-bebedoiro está realizada nunha peza de granito de forma e características tradicionais mentres que o lavadoiro é de cemento e con orixe bastante máis recente. Segundo o propietario da Casa de Rouco, a pía era empregada como bebedoiro dos animais da casa mentres que o lavadoiro anexo foi construído por el mesmo para uso dunha antiga empregada da propiedade. A auga da que se fornecen procede das terras máis altas próximas. En virtude desta información, optamos por integrar este elemento dentro da propia Casa de Rouco (ben xa catalogado e que se recolle nas fichas de valoración de impactos).

• **Camiño Francés de Santiago:** a principal ruta xacobeá marca en boa medida o potencial cultural da zona de estudo (elemento BIC declarado, o Camiño atravesa a parte N da área investigada, mentres que o ámbito delimitado a tal efecto abrangue a maior parte da superficie agora intervida). En aras a esta relevancia consideramos oportuno incluír neste apartado unha relación detallada do percorrido do Camiño Francés que se atopa dentro da zona de prospección actual.

Iniciamos este relatorio coa descrición que deste tramo se inclúe na documentación elaborada pola Xunta de Galicia con motivo da *Delimitación do trazado e ámbito vinculado ó Camiño Francés ó seu paso por Galicia*. O tramo do noso interese sitúase dentro da seguinte descrición “Cruzada esta avenida e deixando a Casa do Concello á esquerda, a ruta continúa en liña recta e en descenso e se volve atopar coa Avenida de Compostela. O trazado toma a Rúa do Apóstolo con firme empedrado que posteriormente cruza a Avenida de Compostela, coincidente coa estrada N-547 e continúa por un vial asfaltado entre edificacións tradicionais. Máis adiante a ruta incorpórase á N-547 ata chegar a Ponterroxán (...)”. Esta mesma documentación, no que se refire ó Índice de Calidade Percibida cualifica este tramo do Camiño como “Mala” e “Moi Mala”, mentres que para o estado de conservación do pavimento e plataforma aparece cualificado entre “Boa” e “Regular”.




As observacións tomadas co traballo de campo non difiren desta cualificación: o treito do trazado inserido na zona de estudio apenas presenta compoñentes tradicionais, transcorrendo en boa parte pola mesma estrada nacional (N-547/Avenida de Compostela).




Trazado do Camiño Francés dentro da área de estudio e localización das fotografías tomadas (puntos verdes numerados) ó longo do mesmo

O curso do Camiño revisado agora iníciase, cara o borde L da área de estudio, nas inmediacións do hórreo de Sambreixo, no tramo que sae do núcleo de Palas en dirección Melide. Nese punto inicial para nós atopamos o Camiño sobre unha plataforma empedrada (non tradicional) que, mantendo unha dirección inicial cara Oeste, vira cara Norte (Foto C.1), xusto á altura do hórreo de Sambreixo (ó seu carón existe un fito quilométrico que marca o PK 66,840). Mantense este treito empedrado (C.2) ata a confluencia coa N-547, atravesada polo Camiño mediante paso de peóns (C.3) e seguindo con dirección Norte uns 30 m máis, nos que continúa a plataforma empedrada (C.4), a cal transcorre entre algunha vivenda e fincas agrarias (algunha en estado de abandono) delimitadas con baixos muretes de pedra.



C.1: Tras virar a N á altura do hórreo de Sambreixo (fondo da imaxe) o Camiño pasa diante do indicador co PK 66,840. Vista dende N



C.2: Continúa a plataforma con empedrado ata conflúir coa Avenida de Compostela (N-547) que se vé ó fondo da imaxe. Vista dende S





C.3: Paso de peóns polo que os peregrinos salvan a N-547 en dirección Norte. Vista dende O



C.4: Ultimo treito do tramo empedrado, xa cruzada a N-547 (que se ve ó fondo da imaxe). Vista dende N

Andados eses 150 m descritos, a traza vira de novo cara Oeste, desaparecendo aquí o empedrado da plataforma para ser substituído por firme asfáltico (C.5). O viario sigue con sentido L-O uns 125 metros, transcorrendo entre vivendas unifamiliares e pequenas parcelas dedicadas a cultivos, se ben aparecen algunhas en estado de abandono.



C.5: O Camiño vira aquí cara O, cambiando o empedrado por asfalto. Vista dende SSL


Os referentes rurais nesta zona mestúranse con aspectos máis urbanos e acabados non tradicionais, dando paso a unha paisaxe de trazos un tanto eclécticos (C.6).





C.6: Continúa a Ruta cara O (de fronte na imaxe) deixando algún acceso á N547 ó seu paso (á esquerda, co Hórreo 2 na esquina). Vista dende L

O mesmo viario asfaltado vira de novo cara Sur, nunha intersección onde se aproveitou para instalar unha escultura ornamental, case a modo de rotonda (C.7). No inicio deste xiro ó Sur aparece na marxe dereita unha pequena área de descanso (mesas e bancos de pedra ó lado dunha fonte, todo elo de factura máis ou menos recente), onde tamén aparece un novo punto de PK, coa distancia de 66,620 (C.8). Continúa a combinación de vivendas unifamiliares con parcelas libres, empezando a verse xa algunha edificación de maior altura. A paisaxe sigue sendo bastante ecléctica.



C.7: Á altura da escultura o Camiño vira a Sur continuando en viario de asfalto e con paisaxe similar (á esquerda Hórreo 1). Vista dende O



C.8: Indicador de distancia e área de descanso na marxe dereita do Camiño, con edificacións que empezan a amosar caracteres urbanos (edificio á esquerda da imaxe). A vista está tomada dende N

Sen modificar as características de plataforma e contorno, este tramo da Ruta continúa en dirección Sur para enganchar de novo coa N-547. A medida que se achega a esa estrada o panorama vaise tornando cada vez máis urbano (C.9), perdendo progresivamente toda esencia tradicional.





C.9: Último treito do viario asfaltado que, en sentido Sur, vai enlazar coa N-547. A vista está tomada dende N

No enlace coa N-547 o Camiño vira outra vez en sentido Oeste (C.10), manténdose xa dentro desta estrada en todo o resto do trazado implicado na nosa área de estudio (C.11). É neste momento cando a Ruta transcorre máis próxima ó Parque Empresarial (tamén á zona da Fase III proxectada), coincidindo ademais co percorrido xa totalmente urbano e onde desapareceron todas as referencias tradicionais.



C.10: Entronque do Camiño (pista ó fondo) coa N547. Vista dende S



C.11: Indicador de distancia na marxe dereita da N547, fronte ó P.E. Vista dende L

O último treito do Camiño Francés inserido na área de estudio (cara o límite O da mesma) mantense pola mesma N-547, pasando pola intersección que comunica co Parque Empresarial (C.12) e nunha contorna dominada pola paisaxe industrial e urbana, con total ausencia de vestixios tradicionais (C.13).




C.12: O viario da dereita accede ó Parque Empresarial dende a N-547, pola que tamén pasa o Camiño. Panorámica tomada dende OSO





C.13: No límite Oeste da nosa área de estudio, o Camiño continúa pola N-547, en cuxas beiras se sitúan varias pequenas empresas. Vista tomada dende ONO

Con todo o recompilado ata aquí, o panorama xeral para o ámbito de estudio saído das distintas tarefas postas en práctica nesta intervención é bastante similar á situación de partida: non se detectaron novos bens de categoría cultural na superficie investigada. Os únicos elementos que integran o catálogo confeccionado para esta ocasión son os mesmos que xa figuran catalogados no PBA: Camiño Francés de Santiago, Hórreo de Sambreixo e Casa de Rouco (á que se engade agora o bebedeiro situado ó seu carón).



Delimitación dos elementos culturais situados dentro da superficie de estudio e que integran o Catálogo confeccionado a tal efecto

Os detalles descritivos e gráficos sobre cada un destes tres bens recóllense nas fichas individuais que forman o Catálogo de Elementos sobre o que se levará a cabo a valoración de impactos, tal e como se reflicte no apartado que ven deseguido.



5.A.2. Catálogo de Elementos Culturais

Fichas individualizadas onde se detallan os trazos descritivos e de localización sobre cada un dos tres bens identificados dentro da superficie de estudio deliñada para o presente traballo.

Denominación: Camiño Francés de Santiago		Nº en CATÁLOGO: Elemento 1	
CÓDIGO: - -		Municipio: Palas de Rei	
Lugar: Treito Saída de Palas - Ponterroxán		Parroquia: San Tirso de Palas de Rei	
<i>Situación en plano (ETRS89):</i>		<i>Cota:</i>	
UTM X: 592.127 (L)/591.537 (O)	535-515 msnm	<i>Dimensións:</i>	
UTM Y: 4.747.362 (L)/4.747.286 (O)		Eixo N-S: (Ancho): 4/17 m	Altura: -
		Eixo E-O: (Longo): 732 m	
<i>Descrición:</i>			
<p>O trazado do Camiño Francés dentro da superficie de estudio sitúase cara o terzo Norte da mesma, cruzándoa en sentido transversal (de Leste a Oeste) e cun percorrido de 732 metros lineais.</p> <p>Dentro dese percorrido a Ruta aproveita viarios de ben distintas características: dende o rueiro con plataforma empedrada da parte inicial (L) ata a ampla Avenida de Compostela (trazado da N-547), pasando por pistas de ancho irregular con firme asfáltico no treito que, evitando a N-547, transcorre pola súa contorna N.</p> <p>Segundo xa se detallaba no apartado precedente, o percorrido dentro da zona de estudio vai combinando partes onde se manteñen (con mellor ou peor fortuna) os usos e ocupacións tradicionais (ligadas ó espazo rural limítrofe co núcleo de Palas) con outras áreas nas que o aproveitamento contemporáneo (edificios de varias plantas, uso empresarial e industrial) é predominante.</p> <p>Polo que se refire ó ámbito BIC delimitado, as características son bastante similares ás detalladas para o trazado. Así, na beira N predominan as vivendas unifamiliares intercaladas con parcelas de prado e cultivo, máis tamén aparecen zonas modificadas coma a do mercado de gando (límite NNO da área de estudio). Na beira S dáse unha mestura entre o solo empresarial, parcelas en desuso, fincas con pastos para gando e o pequeno grupo de vivendas unifamiliares situado cara o extremo LNL da superficie intervida. A vexetación predominante en ambas marxes é a herbácea (praderías) e de monte baixo (áreas sobre todo na contorna Sur, lindando cos prados). Unicamente cara o extremo LSL se conserva unha pequena zona de arbolado autóctono (carballos principalmente), cortada en parte polo trazado de liña eléctrica que cruza todo ese ámbito.</p>			
Categoría do Elemento: BIC Camiño Francés		Tipo: Camiño de Santiago	
Adscrición cultural: Idade Medieval (orixe) ata Idade Contemporánea			
<i>Estado actual:</i>			
<p>Constátase a cualificación de “mala” e “moi mala” que figuraba no índice de calidade percibida da documentación contida na <i>Delimitación do trazado e ámbito vinculado ó Camiño Francés ó seu paso por Galicia</i> publicada no seu día a Xunta de Galicia. O tramo máis oriental estudado é onde aínda pode percibirse unha paisaxe con certos trazos tradicionais, sendo o tramo da N-547 o que ostenta a peor das percepcións dende un punto de vista cultural e paisaxístico. Cabe sinalar, pola contra, que o percorrido aparece ben sinalizado sobre o terreo.</p>			
<p><i>Camiño de Santiago pola N-547 ó seu paso pola zona máis próxima ó P.E. A ampliación da Fase III situarase nos terreos contiguos á nave que se ve na esquina dereita da imaxe e zona con materiais situada ó seu carón</i></p>			



Denominación: Hórreo de Sambreixo		Nº en CATÁLOGO: Elemento 2	
CÓDIGO: - - (Id PBA: 25050)		Municipio: Palas de Rei	
Lugar: Aldea de Abaixo, Palas de Rei		Parroquia: San Tirso de Palas de Rei	
<i>Situación en plano (ETRS89):</i>		<i>Cota:</i>	
UTM X: 592.077	532 msnm	<i>Dimensións:</i>	
UTM Y: 4.747.365		Eixo N-S: (Longo): 4,5 m	Altura: 2,5/3 m
	Eixo E-O: (Ancho): 1,9 m		
<i>Descrición:</i>			
<p>Hórreo de dous corpos realizado en cantería de granito, con peche de madeira nos laterais e teito a dúas augas con tella curva. Está montado sobre tres esteos individuais sobre os que se apoian o mesmo número de tornarratos, de planta rectangular, todo elo levantado sobre o muro que pecha a eira da propiedade e que serve de linde ó propio Camiño Francés.</p> <p>No penal do lado N obsérvase un detalle ornamental realizada por baleirado da pedra e que forma unha figura de certa reminiscencia vexetal. Por riba dela, na seguinte peza de granito, óculo central.</p> <p>Os pinches dos dous penais aparecen sobre elevados e rematados por aleiro ornamental, a modo de frontón con forma semicircular. Coroan ambos penais pináculo (lateral N) e cruz (lado S).</p> <p>Segundo o propietario actual o hórreo foi construído polo seu avó, canteiro de profesión.</p>			
Categoría do Elemento: Etnografía		Tipo: Hórreo catalogado	
Adscrición cultural: Idade Contemporánea			
<i>Estado actual:</i>			
<p>O hórreo mantén un bo estado xeral de conservación, coa estrutura pétreo en condicións e tellado que semella renovado. Os peches laterais de madeira denotan certo desgaste, aínda que non semella excesivo.</p> <p>O espazo interior da propiedade aparece pola contra bastante transformado: cobertizo de bloques e portais de chapa.</p>			
<i>Vistas do hórreo e contorno inmediato, tomadas dende N (esquerda) e LNL (dereita)</i>			




Denominación: Casa de Rouco		Nº en CATÁLOGO: Elemento 3	
CÓDIGO: - - (Id PBA: 25049)		Municipio: Palas de Rei	
Lugar: Aldea de Abaixo, Palas de Rei		Parroquia: San Tirso de Palas de Rei	
<i>Situación en plano (ETRS89):</i>		<i>Cota:</i>	
UTM X: 592.046	530-525 msnm	<i>Dimensións:</i>	
UTM Y: 4.747.277		Eixo N-S: (Longo): 41 m	Altura: 2-3 m (aprox)
	Eixo E-O: (Ancho): 20 m		
<i>Descrición:</i>			
<p>Casa de labranza tradicional composta por un conxunto de edificacións distribuídas ó redor dun espazo libre ou eira. O feito de estaren pechadas por distintos muros imposibilita nestes momentos a visualización das distintas edificacións, máis aló da parede que fai fronte coa pista que a circunda polo lateral Leste.</p> <p>Moi próxima ó portalón de entrada ó conxunto de edificacións pero na outra marxe desa pista obsérvase un pequeno conxunto etnográfico que, segundo o propietario actual, pertence á Casa. Trátase dunha pía de granito empregada para <i>bebedeiro das bestas</i>, ó lado da cal se construíu –en momentos e con materiais máis recentes– un pequeno lavadoiro de cemento. As súas coordenadas son: X-592.060/Y-4.747.250, quedando a uns 5-6 metros ó SL do extremo meridional do conxunto de edificacións que forman a Casa Rouco.</p> <p>A pía –o compoñente tradicional do conxunto– está labrada nunha peza de granito, con forma rectangular en planta e unhas dimensións globais de 70 cm de ancho por 190 cm de longo, cun grosor duns 40 cm. Aliméntase mediante un picho (actualmente tubaxe plástica) situado na parede que serve de noiro desta marxe da estrada e que, segundo o propietario, se fornece das augas procedentes dos prados situados nas proximidades (a unha cota máis elevada). En canto ó lavadoiro, situado ó seu carón polo lado S, é de factura máis recente e foi construído polo actual propietario da Casa Rouco para dar servizo a unha antiga criada. Non contén traza tradicional algunha.</p>			
Categoría do Elemento: Construción popular/Etnografía		Tipo: Casa de labranza Catalogada e bebedeiro	
Adscripción cultural: Idade Contemporánea			
<i>Estado actual:</i>			
<p>Non é posible precisar o estado de conservación das distintas edificacións que forman a Casa de Rouco, aínda que a xulgar polo observado dende a pista que as delimita, presentan un considerable grao de deterioro. Os muros que pechan o conxunto polo Leste (marxe da pista) aparecen remodelados con materiais non tradicionais (parede de bloques).</p> <p>Polo que respecta ó bebedeiro da marxe oriental, atópase invadido pola maleza, ata o punto de pasar case inadvertido á vista. A construción do lavadoiro anexo, en cemento e ladrillo, deteriora a compoñente tradicional da pía.</p>			
<i>Vistas dos extremos N (esquerda) e S (dereita) do conxunto de edificacións que forman a Casa de Rouco, dende N e S respectivamente</i>			





Partes visibles da Casa de Rouco, dende N (co hórreo 3 próximo) e dende S (portalón de entrada)



Conxunto de pía bebedeiro e lavadeiro situado na marxe L da pista, fronte á Casa Rouco. Visto dende ONO



Detalle do estado actual do "Bebedeiro das bestas" e lavadeiro anexo. Vista dende OSO





5.B. Identificación de Impactos e Medidas Correctoras

Este apartado recolle as valoracións efectuadas en relación coas afeccións que a posta en execución dos traballos en proxecto podería causar sobre os bens de índole cultural integrados no Catálogo de Elementos exposto no capítulo anterior.

Xunto coa análise das circunstancias concretas sobre posibles afeccións inclúese unha proposta das medidas de carácter preventivo e/ou corrector que, dende o punto de vista do patrimonio cultural, sería recomendable adoptar durante os futuros traballos vinculados á Fase III de ampliación do P.E., de cara a garantir o respecto e preservación dos bens descritos e os seus valores ambientais.

Preséntase no primeiro apartado (5.B.1) unha valoración, individualizada para cada elemento do Catálogo, sobre os condicionantes actuais de tales bens, posibilidade de afectación por parte da ampliación prevista e proposta de pautas paliativas específicas a ter en conta. Posteriormente (5.B.2) recompílanse os trazos principais das valoracións efectuadas, a modo de resumo esquemático sobre as afeccións e pautas preventivas propostas, tanto a nivel xeral -para a área completa da ampliación prevista- como particulares -relativas a un elemento concreto-.

5.B.1. Afeccións e propostas preventivas individualizadas

Os tres elementos que integran o Catálogo confeccionado para a presente intervención (o cal se forma a partir dos traballos de prospección superficial en campo) configúranse, tal e como xa se reflectía nas descrições individualizadas, como un grupo diverso (Camiño de Santiago, hórreo e Casa Rouco) no que se mesturan compoñentes de orixe temporal distinta e con graos de conservación tamén variados. Dos tres elementos, dous deles teñen categoría de catalogados (recollidos no PBA) mentres que o terceiro é BIC (Camiño Francés de Santiago), con delimitación propia de trazado, ámbito BIC e área de amortecemento.

Para valorar a incidencia da ampliación prevista sobre estes elementos levouse a cabo unha análise específica sobre as circunstancias que incorren en cada caso concreto. Os factores esenciais empregados a tal fin basculan entre dous aspectos: as propias características do elemento e a súa situación respecto dos límites da ampliación do PE proxectada.

No primeiro aspecto destacan cuestións como a propia natureza do ben, posibles singularidades no espectro cultural, estado de conservación ou normativas de protección sobre o mesmo, recollidas todas elas nas fichas descritivas aportadas no capítulo anterior.

En canto á relación coa superficie prevista para a ampliación desta Fase III, o factor principal usado foi a delimitación da poligonal deseñada no proxecto en trámite (todas as transformacións do terreo vinculadas á súa execución, incluíndo viarios de tránsito ou acceso, quedan enmarcadas por esa poligonal). Tamén se tivo en conta a diferenza de usos programada dentro da poligonal (franxas verdes nas marxes L e S), atendendo a que tales distincións supoñen graos diferentes de modificación dos terreos actuais.

Os resultados destas análises quedan reflectidos nas táboas de valoración individualizadas que a continuación se presentan.



Nº EN CATÁLOGO:	Elemento 1	Camiño Francés de Santiago
Categoría do Elemento: BIC Camiño de Santiago		
Área de protección legal: Trazado, Ámbito BIC e Área de Amortecemento delimitados	Catalogado en Ordenamento: SI (Lei Patrimonio Cultural/PBA)	Nº de Catálogo PXOM: Non ten
Obra máis próxima: Límite N da ampliación do PE	Situación respecto á obra: Ó Norte	Distancia mínima: 40 m

Análise da afección e Valoración de Impacto:

Relación coas obras previstas:

O trazado do Camiño trascorre ó Norte da poligonal deseñada para a ocupación da Fase III de ampliación do Parque Empresarial, a unha distancia mínima de 40 metros, polo que o trazado e a súa banda inmediata non se ven afectados. Sitúase ademais a superficie completa da poligonal delimitada dentro do ámbito BIC establecido para a marxe Sur do Camiño Francés. Non haberá afección de novos viarios, xa que se mantén o acceso actual ó PE como único medio de entrada (a conexión co espazo da Fase III realízase dende a rotonda situada na parte máis alonxada).

Polo que respecta ó trazado, cabe sinalar que o treito máis próximo (40 m) é o que transcorre pola N-547, onde a calidade percibida está cualificada como Moi Mala. No presente traballo puido constatar a veracidade de tal cualificación: o peregrino camiña pola beirarrúa da estrada e nunha zona carente de calquera atisbo tradicional. O resto do percorrido do Camiño xa se empraza a moito maiores distancias (entre 80 e 150 m) e sen relación visual directa co espazo ocupado polas instalacións empresariais (bloqueada polas edificacións e outros elementos urbanos emprazados na marxe da N-547).

No que atinxe ó ámbito BIC, a parte desta banda de protección onde se sitúa a poligonal da Fase III participa de circunstancias similares en canto á entidade cultural e paisaxística: trátase de terreos en parte xa alterados (espazos de uso para as naves empresariais en activo) ou ocupados por vexetación principalmente herbácea (praderías), onde non existe elemento cultural algún.

Pese á mala calidade percibida neste treito do Camiño, é evidente que a posta en marcha da ampliación para o Parque Empresarial vai supor unha modificación deses terreos e, consecuentemente, afectará á paisaxe desta zona. Porén, tendo en conta neste caso as carencias a nivel de calidade paisaxística do ámbito afectado polo proxecto, resulta esta unha boa oportunidade para proporcionar á zona un mellor ordeamento así como dotala dunha harmonización visual da que actualmente carece.


A adopción de medidas para a integración na paisaxe desta Fase III e a súa consecuenta redución de impactos visuais sobre o Camiño deberían ter unha especial atención na franxa Norte do perímetro deseñado, por ser esa banda a máis próxima ó trazado da ruta de peregrinación.

Valoración do Impacto: **Moderado**

Medidas preventivas ou correctoras propostas:

Como medida preventiva de carácter xeral aconséllase que tanto o trazado do Camiño Francés como os seus ámbitos de protección delimitados queden recollidos nas cartografías de obra a empregar.

Como pauta concreta, considérase que coa posta en práctica dos criterios que se recollen na Guía de Boas prácticas para as actuacións nos camiños de Santiago (apartado dedicado ós polígonos industriais) poderase garantir unha correcta e axeitada integración paisaxística das obras en proxecto, evitando –ou ata mellorando– a afección visual do PE sobre o Camiño.



Nº EN CATÁLOGO:	Elemento 2	Hórreo de Sambreixo
Categoría do Elemento: Etnografía, Catalogado en PBA		
Área de protección legal:	Catalogado en Ordenamento:	Nº de Catálogo PXOM:
Contorno subsidiario: 50 m	SI (PBA)	Non ten
Obra máis próxima:	Situación respecto á obra:	Distancia mínima:
Franxa verde no perímetro L	Ó Leste	150 m

Análise da afección e Valoración de Impacto:Relación coas obras previstas:

O hórreo emprázase a unha considerable distancia respecto do perímetro de ocupación das obras previstas para a ampliación desta Fase III. A separación de 150 m existente é moi superior á do contorno de protección subsidiario determinado para os bens etnográficos na lexislación actualmente vixente.

A esta separación métrica engádense tamén os elementos físicos existentes (edificacións e cerres) que funcionan de barreira visual entre o hórreo e o PE en proxecto, así coma o feito de que toda a banda oriental da poligonal deseñada para a Fase III está destinada a franxa verde.

Tampouco se contempla risco algún por circulación de vehículos en relación co PE, posto que non se da relación algunha entre o viario á beira do cal se empraza o hórreo -rueiro de uso principal para camiñantes e residentes- e os accesos ó parque empresarial.

Tendo en conta todas estas cuestións, non existen factores que poidan supoñer risco de afección sobre este ben por parte das obras de ampliación en proxecto.

Valoración do Impacto: **Non existe impacto**

Medidas preventivas ou correctoras propostas:

Non son necesarias, dada a ausencia de impacto

A nivel preventivo, recoméndase que o elemento e a súa área de protección queden recollidos nas cartografías de proxecto e de obra



Nº EN CATÁLOGO:	Elemento 3	Casa de Rouco
Categoría do Elemento: Etnografía, Catalogado en PBA		
Área de protección legal:	Catalogado en Ordenamento:	Nº de Catálogo PXOM:
Contorno subsidiario: 100 m	SI (PBA)	Non ten
Obra máis próxima:	Situación respecto á obra:	Distancia mínima:
Franxa verde no perímetro L	Ó Leste	100 m

Análise da afección e Valoración de Impacto:Relación coas obras previstas:

O conxunto de edificacións que integran a Casa de Rouco, tal e como se delimitaron no presente traballo, sitúanse a considerable distancia respecto dos límites deseñados para a ampliación desta Fase III do PE Palas de Rei.

Nesta ocasión, os 100 metros de distancia mínima indicados veñen coincidir coa área de protección estipulada para os bens arquitectónicos (contorno subsidiario) na lexislación sectorial vixente (Lei 5/2016).

O emprazamento das distintas edificacións da Casa de Rouco (na beira dunha pista asfaltada para uso local) así como a contundente separación respecto das obras en proxecto levan a que non se contemplen riscos de afección de clase algunha para este elemento.

Valoración do Impacto: **Non existe impacto**

Medidas preventivas ou correctoras propostas:

Non son necesarias, dada a ausencia de impacto

A nivel preventivo, recoméndase que o conxunto de edificacións que compoñen este elemento, así como a súa área de protección queden recollidos nas cartografías de proxecto e de obra





5.B.2. Resume xeral de afeccións e medidas correctoras

Ó longo dos apartados anteriores viñeron expoñéndose as circunstancias nas que se desenvolveu a prospección arqueolóxica, os resultados obtidos durante a mesma (en forma de identificación de compoñentes culturais presentes nese ámbito) e as respectivas análises sobre as afeccións que as futuras obras poidan supoñer sobre tales elementos (coas conseguíntes valoración de impactos e proposta de medidas paliativas).

Cada un destes factores foi tratado ata o momento dunha maneira individualizada, polo que se fai oportuna unha recompilación e posta en común de todos eles, ofrecendo así unha perspectiva de conxunto.

A. Condicións de execución da prospección arqueolóxica

Tal e como se detallaba no capítulo dedicado a este tema, os traballos de inspección directa en campo estiveron parcialmente condicionados polas características dos terreos abranguidos na prospección: transformacións derivadas do cambio de uso ou ocupación do solo, dificultades de acceso por ausencia de viarios ou peches de parcelas e ausencia de terreos removidos recentemente con acceso foron os principais inconvenientes a superar.

O primeiro destes factores (alteración da topografía orixinal do terreo) concurría cara a banda occidental da aquí chamada "área secundaria de prospección", coincidindo coa superficie ocupada polo parque empresarial consolidado de Palas de Rei. Esta ocupación empresarial incidía tamén na área principal de traballo (perímetro deseñado para a ampliación da Fase III). Por outra banda, a perspectiva arqueolóxica da prospección veuse igualmente restrinxida dentro dos espazos residenciais (a maior parte do terzo N e banda NL da área de traballo está presidida polas agrupacións de vivendas).

A imposibilidade de acceso a diversas zonas está en parte vinculada á ocupación residencial (nas agrupacións de vivendas as parcelas soen estar pechadas). Por outra banda, o uso gandeiro ó que se destinan parte das praderías na zona Sur da área de traballo implicou tamén restricións de entrada e inspección de varios puntos. O feito de que estas zonas puideran ser parcialmente observables dende os viarios lindeiros, xunto coa análise previa das cartografías volumétricas (MDT-Lidar) permitiu que tales atrancos non cheguen a ser un factor determinante para o desenvolvemento xeral dos traballos de campo.

No terceiro dos condicionantes (ausencia de remocións de terras recentes inspeccionables) a súa principal consecuencia reflíctese na imposibilidade de practicar a táctica intensiva de prospección (busca de restos mobles ou vestixios estruturais que axuden a determinar o potencial arqueolóxico do subsolo). Posto que esta é unha característica bastante frecuente nos traballos de campo (que deben concentrar os esforzos na procura de vestixios visibles na paisaxe) non ven supoñer unha falla relevante sobre os resultados finais dos traballos.

En conclusión, pode afirmarse que os traballos de prospección superficial do ámbito en estudio puideron desenvolverse (aínda coas dificultades de execución indicadas) cun grao de efectividade suficiente para permitir a correcta valoración sobre o potencial cultural dos terreos implicados en tal estudio. Atendendo a estas conclusións, non se considera oportuno establecer pautas adicionais de futura sobre esta cuestión.

B. Afeccións valoradas para os elementos incorporados ó Catálogo

Recóllense na seguinte táboa as valoracións de impacto realizadas para os tres bens culturais considerados neste estudio. Reflícense con distintos tons de cor os diferentes graos de afección definidos para cada un.


Nº en CATÁLOGO	DENOMINACIÓN	DISTANCIA MÍNIMA	IMPACTO
Elemento 1	Camiño Francés de Santiago	40 m	Moderado
Elemento 2	Hórreo de Sambreixo	150 m	Sin Impacto
Elemento 3	Casa de Rouco	100 m	Sin Impacto

A relación aquí recollida representa de forma bastante clara a ausencia total de elementos culturais dentro da poligonal deseñada para a ampliación da Fase III, así como a ausencia de factores relevantes de risco no que respecta á posta en execución da ampliación do PE Palas de Rei dende o punto de vista do patrimonio cultural.

O Camiño Francés de Santiago revélase non só como o ben de maior entidade existente na zona senón tamén como o único onde se valoran riscos de afección. Tal valoración non supón en todo caso risco algún sobre o trazado



da principal ruta de peregrinaxe así como tampouco sobre trazos relevantes da súa contorna (o trazado máis próximo á ampliación prevista presenta unhas indubidables malas condicións paisaxísticas), senón que se realiza atendendo ó feito de que a ampliación en proxecto se sitúa sobre o ámbito BIC delimitado para o Camiño.



Resume gráfico sobre a situación dos 3 elementos analizados e afeccións valoradas: sen impacto (cor branca) e grao moderado (cor laranxa)

C. Medidas preventivas propostas para os elementos do Catálogo

Dos tres bens recollidos no Catálogo tan só para un deles (Camiño de Santiago) se propoñen pautas paliativas específicas, encamiñadas a mellorar a integración paisaxística da ampliación proxectada dentro do ámbito BIC do Camiño Francés. A ausencia de impacto nos restantes bens recollidos fai innecesaria a adopción de medidas especiais. O seguinte cadro esquematiza este panorama:

Nº en CATÁLOGO	IMPACTO	Medidas Correctoras
Elemento 1	Moderado	• Actuacións de mellora na integración paisaxística da banda N da ampliación prevista (empregando como base os criterios que para parques industriais se indican na Guía de boas prácticas para actuacións no Camiño)
Elemento 2	Sen impacto	• Non se consideran
Elemento 3	Sen impacto	• Non se consideran





6. CONCLUSIÓNS

Coa execución da intervención arqueolóxica actual pretendíase cumprir cos requisitos culturais específicos e necesarios dentro da tramitación do “Proxecto de Ampliación do Parque Empresarial Palas de Rei, Fase III”, partindo do feito de que as obras previstas en tal documentación poden afectar ó patrimonio cultural da zona onde tales obras se desenvolverán.

O presente documento, entendido como Informe final e Memoria Técnica dos traballos realizados, recolle os resultados obtidos coa posta en práctica das tarefas arqueolóxicas específicas, servindo tamén para referendar o termo definitivo desa intervención.

A evolución do conxunto de actividades executadas pode esquematizarse, a maneira de resume final, en base ós seguintes aspectos:

- **Prospección arqueolóxica:** a revisión dende unha óptica arqueolóxica da superficie delimitada para a presente intervención puido ser executada de forma considerablemente satisfactoria, aínda tendo en conta as dificultades impostas pola situación e ocupación dos terreos en zonas puntuais. Os procedementos prospectivos tiveron que basearse en exclusiva na investigación sobre o coñecida como arqueoloxía visible, debido ás características ofrecidas pola práctica totalidade do terreo apto para a investigación.
- **Identificación de elementos patrimoniais:** a nivel xeral os traballos de campo non aportaron novos elementos culturais ó conxunto de bens xa coñecidos na zona, máis aló de incorporar un pequeno vestixio etnográfico (pía bebedeiro) a un dos bens catalogados (Casa de Rouco). Ademais de comprobar o estado actual dos tres bens coñecidos, realizouse tamén unha completa inspección sobre o percorrido do Camiño Francés dentro da área de estudio, así como da súa contorna inmediata.
- **Recuperación de restos materiais:** non se documentaron restos móbiles de contido ou significación arqueolóxica durante a presente intervención.
- **Valoración de Impactos Culturais:** tomando como principais referencias de análise as distancias ó límite da ampliación proxectada e a natureza específica dos elementos incorporados ó catálogo, conclúese que non existe risco de afección directa no marco cultural por parte desta Fase III de ampliación. As circunstancias especiais do Camiño Francés e do seu ámbito BIC foron obxecto de tratamento pormenorizado, corroborando a moi mala calidade percibida do Camiño que lle outorga a esta zona a documentación publicada pola Xunta de Galicia no seu día (en relación á delimitación do Camiño Francés).
- **Proposta de Medidas Correctoras:** unicamente se propoñen medidas paliativas específicas para o caso do ámbito BIC do Camiño Francés, no que se cualificou o impacto como de grao Moderado. Tales medidas céntranse na adopción das medidas de integración paisaxística que sexan necesarias para minimizar a afección visual do PE sobre este ben cultural. En todo caso, as propostas contidas no presente documento haberán de ser valoradas e ratificadas expresamente por parte da administración competente na materia (DXPC).



33293689Q MARIA DEL PILAR FERNANDEZ (R: J15784408)
 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0145/PUESTO
 1/36816/18032019132817,
 serialNumber=IDCES-33293689Q,
 givenName=MARIA DEL PILAR,
 sn=FERNANDEZ PINTOS, cn=33293689Q
 MARIA DEL PILAR FERNANDEZ (R: J15784408),
 2.5.4.97=VATES-J15784408, o=DESENROLO E
 OBRAS DE ARQUEOLOXIA S.C., c=ES
 2020.06.09 22:02:44 +02'00'

Asdo.: M^a PILAR FERNÁNDEZ PINTOS
 D.O.A., S.C.





7.- ÍNDICE DA DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

Figura 1: Ámbito de actuación: situación xeral, límites e contexto patrimonial

Fontes: Xunta de Galicia, I.E.T B.T.G. 2016 / PBA / MDT

Escalas de representación: 1/10000 (plano A) e 1/5000 (plano B)

Figura 2: Actuación arqueolóxica. Superficie completa da intervención e resultados obtidos



Fontes: Xunta de Galicia, IET. PNOA2017 -BTG2016- XESTUR SA

Escala de representación: 1/3000



Diligencia pola que se fai constar que o documento
 convida o enviado a exposición pública.
 Director Técnico de Solo, Edificación e Calidade:
 Ricardo Valencia Henriçtel

INSTITUTO DA
 GALEGO DA
 VIVENDA E SOLO




LEENDA	
	Actuación Perímetro deseñado para a Fase III
	Actuación Contorno 200 m (prospección)
	PBA Elemento catalogado: localización
	PBA Elemento catalogado: contorno protección
	Camiño Francés Trazado delimitado
	Camiño Francés Límites do ámbito BIC
	Camiño Francés Bens recollidos na Memoria

PROXECTO:	SITUACIÓN:	PROMOTOR:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI, FASE III	Palas de Rei SAN TIRSO DE PALAS	XESTUR S.A.	Prospección Arqueolóxica de superficie para A.I.C.	Mª Pilar Fernández Pintos	D.O.A., S.C.	Plano A: 1:10.000	01	ÁMBITO DE ACTUACIÓN: SITUACIÓN XERAL, LÍMITES E CONTEXTO CULTURAL
	CONCELLO:	EXPEDIENTES DXPC:	DOCUMENTO:	DATA:				
	PALAS DE REI	03.H.1107.2020.001 CT 102A 2020/073-0	MEMORIA TÉCNICA	XUÑO 2020				

CVE: HVP0G0VBZGY7
 Verificación: https://sede.sede.gal/verificac...

LENDA

- P.E. PALAS *Perímetro da Ampliación Fase III*
- PE PALAS *Viaro de acceso*
- PE PALAS *Franxa verde*
- Resultados *Hórreos non tradicionais*
- Resultados *Delimitación dos bens catalogados*
- Actuación *Área completa de prospección*
- Camiño Francés *Ámbito BIC*
- Camiño Francés *Trazado delimitado*



PROXECTO:	SITUACIÓN:	PROMOTOR:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
 AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI, FASE III	Palas de Rei SAN TIRSO DE PALAS	XESTUR S.A.	Prospección Arqueolóxica de superficie para A.I.C.	Mª Pilar Fernández Pintos	 D.O.A., S.C.	Numérica: 1:3.000	02	ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA: SUPERFICIE COMPLETA DA INTERVENCIÓN E RESULTADOS OBTIDOS
	CONCELLO: PALAS DE REI	EXPEDIENTES DXPC: 03.H.1107.2020.001 CT 102A 2020/073-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: XUÑO 2020		Gráfica: 0 20 40 80 Metros		

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CÁLCULO DE CAUDAIS	4
2.1. CÁLCULO DA PRECIPITACIÓN MÁXIMA DIARIA.....	4
2.2. FÓRMULA XERAL DE CÁLCULO.	6
2.2.1. <i>Intensidade de precipitación</i>	6
2.2.2. <i>Tempo de concentración</i>	7
2.2.3. <i>Coefficiente de escorrenta</i>	7
2.2.4. <i>Factor reductor da precipitación por área da cunca</i>	8
2.2.5. <i>Área da cunca</i>	8
2.2.6. <i>Cálculo do caudal</i>	9
3. AFECCIÓN AO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	16
3.1. ZONAS DE INUNDACIÓN	16
4. CONCLUSIÓN.....	16

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1 – Precipitación máxima diaria para cada período de retorno.....	5
Táboa 2 – Cálculo de caudais	9

ÍNDICE DE ILUSTRACIÓN

Ilustración 1: Situación do rego da cartografía de Augas de Galicia con respecto a zona de estudo....	3
Ilustración 2: Levantamento topográfico da zona de estudo	4
Ilustración 3: Máximas choiva diaria e coeficiente de variación. “ <i>Máximas luvias diarias en la España peninsular. Ministerio de Fomento</i> ”	5
Ilustración 4: Mapa isolíneas li/Id. Instrucción 5.2-IC.....	7
Ilustración 5: Cunca de recepción da canle de estudo.....	9
Ilustración 6: Sección do canle proxectado.....	10



Ilustración 7: Planta, seccións transversais.....	10
Ilustración 8: Perfil transversal 1.....	11
Ilustración 9: Perfil transversal 2.....	11
Ilustración 10: Perfil transversal 3.....	11
Ilustración 11: Perfil transversal 4.....	12
Ilustración 12: Perfil transversal 5.....	12
Ilustración 13: Perfil transversal 6.....	12
Ilustración 14: Perfil transversal 7.....	13
Ilustración 15: Perfil transversal 8.....	13
Ilustración 16: Perfil transversal 9.....	13
Ilustración 17: Perfil transversal 10	14
Ilustración 18: Perfil transversal 11	14
Ilustración 19: Perfil transversal 12	14
Ilustración 20: Perfil lonxitudinal	15
Ilustración 21: Perspectiva XYZ	15
Ilustración 22: Lámina de auga para un período de retorno de 500 anos.....	16



1. INTRODUCCIÓN

Ao sur da zona de estudo descorre un pequeno rego (sen nome coñecido), identificado na cartografía de Augas de Galicia co código 983640007493.

Actualmente o rego non descorre pola zona mais baixa, que segue o percorrido reflectido na cartografía de augas de Galicia.



Ilustración 1: Situación do rego da cartografía de Augas de Galicia con respecto a zona de estudo

Segundo se pode ver na imaxe que segue a continuación, en base o levantamento topográfico que se levou a cabo o rego actual descorre canalizado polo sur da zona de estudo.

O presente estudo ten por obxectivo a verificación de que a nova canalización proxectada polo percorrido natural do rego pola zona mais baixa, é suficiente para non rexistrar desbordamento nun período de retorno de 500 anos.






Ilustración 2: Levantamento topográfico da zona de estudo

2. CÁLCULO DE CAUDAIS

2.1. Cálculo da precipitación máxima diaria.

A intensidade de chuvia obtense a partires da publicación “*Máximas llluvias diarias de la España peninsular*” do Ministerio de Fomento.

Na zona de estudo a máxima precipitación máxima diaria anual é de 65 mm/día. Xunto co coeficiente de variación da zona (C_v), obtéñense as precipitacións máximas diarias para cada período de retorno dos calculados.






Ilustración 3: Máximas choiva diaria e coeficiente de variación. “Máximas lluvias diarias en la España peninsular. Ministerio de Fomento”

Unha vez que se coñece a precipitación máxima diaria e o coeficiente de variación rexional, a partir da expresión $X_t = Y_t \times P$, da o valor do cuantil local tamén denominado P_d , ou precipitación diaria máxima para un período de retorno determinado e correspondente a un punto xeográfico concreto, sendo P o valor medio de precipitación máxima diaria analizada mediante interpolación espacial a partir dos valores medios das series de valores de precipitacións máximas subministradas por 2.231 estacións, que inclúen as 1.545 básicas empregadas na modelación estatísticas e outras 686 complementarias con series de máis de 20 anos.

Precipitación máxima diaria anual (mm)	65
--	----

Período de retorno (anos)	2	5	10	25	50	100	200	500
Kt para Cv= 0,35	0,921	1,217	1,438	1,732	1,961	2,22	2,48	2,831
Precipitación máxima diaria para o PR (mm/día)	59,9	79,1	93,5	112,6	127,5	144,3	161,2	184,0

Táboa 1 – Precipitación máxima diaria para cada período de retorno



2.2. Fórmula xeral de cálculo.

Para o cálculo do caudal máximo no punto de cruce co rego utilízase a “Norma 5.2-IC drenaxe superficial de la instrucción de carreteras” (Orden FOM/298/2016). De acordo coa citada instrución, para concas de área inferior a 50 km² aplicarase o método racional.

Seguindo o método racional, o caudal máximo anual QT, correspondente a un período de retorno T, calcúlase mediante a fórmula:

$$Q_T = \frac{I(T, t_c) \cdot C \cdot A(\text{Km}^2) \cdot K_t}{3,6}$$

Composta polos seguintes factores:

$I(T, t_c)$: intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno considerado T , para unha duración do aguaceiro igual ao tempo de concentración t_c da conca. (mm/h)

C : coeficiente medio de escorrenta da conca ou superficie considerada.

A : área da conca ou superficie considerada (km²)

K : coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación.

Q_T : caudal máximo anual correspondente ao período de retorno T, no punto de desaugue da conca (m³/s).

2.2.1. Intensidade de precipitación

A intensidade de precipitación I_t (mm/h) a empregar para a estimación de caudais polo método hidrometeorolóxico exposto na 5.2-IC obtense por medio da fórmula:

$$I(T, t) = I_d \cdot F_{\text{int}}$$

onde:

$$I_d = \frac{P_d \cdot K_A}{24} \quad \text{e} \quad F_{\text{int}} = \max(F_a, F_b)$$

I_d = intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T (mm/h)

F_{int} = Factor de intensidade

P_d = precipitación diaria. Obtense da publicación “Máximas luvias diarias. Dirección General de Carreteras”.






Ilustración 4: Mapa isolíneas Ii/Id. Instrucción 5.2-IC

2.2.2. Tempo de concentración

O tempo de concentración (T_c) calcúlase mediante a seguinte fórmula:

$$T_c = 0,3 \cdot L_c^{0,76} \cdot J_c^{-0,19}$$

sendo:

T_c = tempo de concentración (h)

L_c = lonxitude da canle (Km)

J_c = pendente media da canle = (cota máx – cota mín) / L

O resultado é: $T_c = 0,5$

2.2.3. Coeficiente de escorrenta

$$C = \frac{(x - 1) \cdot (x + 23)}{(x + 11)^2}$$

onde

$$x = \frac{P_d \cdot K_A}{P_0}$$



P_0 = Albor de escorrenta obtido das táboas da Instrución. Para este caso considérase “Mosaico de prados o praderas con espacios significativos de vegetación natural y seminatural (cod. 24330)” no grupo de solo “B” e pendente superior ao 3%.

$$P_0 = 33$$

2.2.4. Factor reductor da precipitación por área da cunca.

O método proposta pola Instrución baséase na hipótese de supoñer que a escorrenta repártese uniformemente dentro do intervalo de cálculo, que se toma igual ao tempo de concentración. A medida que aumenta o tamaño da cunca, afástase da realidade polo que é preciso introducir o coeficiente de uniformidade e corrixir os caudais obtidos.

Este factor obtense a partir das seguintes expresións, onde A é a área da cunca, en km^2 .

$$A < 1 \text{ km}^2 \quad \rightarrow \quad K_A = 1$$

$$1 \text{ km}^2 > A > 3.000 \text{ km}^2 \quad \rightarrow \quad K_A = 1 (\log(A)/15)$$

2.2.5. Área da cunca

Partindo do modelo dixital do terreo con paso de malla de 1 metro “*PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional - Xunta de Galicia*” e mediante o programa QGIS 3.10. calculouse a cunca a que pertence o rego que descorre ao carón da zona de estudo.

O resultado foi unha cunca de $0,282772 \text{ km}^2$ de superficie e unha lonxitude de canle de $996,19 \text{ m}$.





Ilustración 5: Cunca de recepción da canle de estudo

2.2.6. Cálculo do caudal

Segundo o indicado nos puntos anteriores, os resultados obtidos son:

Período de retorno (anos)	2	5	10	25	50	100	200	500
Kt para Cv= 0,35	0,921	1,217	1,438	1,732	1,961	2,22	2,48	2,831
Precipitación máxima diaria para o PR (mm/día)	59,9	79,1	93,5	112,6	127,5	144,3	161,2	184
Id (mm/h)	2,5	3,3	3,9	4,69	5,31	6,01	6,72	7,67
li/Id	8							
Tc (h)	0,5							
It (mm)	28,45	37,55	44,38	53,37	60,43	68,39	76,47	87,28
Coefficiente de escorrentia medio	0,12	0,2	0,25	0,31	0,35	0,39	0,43	0,48
Área de cuenta (km ²)	0,282772							
Caudal (m ³ /s)	0,27	0,59	0,87	1,3	1,66	2,1	2,58	3,29
Caudal (l/s)	270	590	870	1300	1660	2100	2580	3290

Táboa 2 – Cálculo de caudais



Proxéctase a apertura dunha canle de pendente 2:1 cunha base de 0,5 m. Partindo desta sección, calculouse a lámina de auga para os distintos períodos de retorno, a continuación represéntanse as seccións transversais e a planta para o período de retorno de 500 anos por ser o mais desfavorable:




Ilustración 6: Sección da canle proxectado



Ilustración 7: Planta, seccións transversais






Ilustración 8: Perfil transversal 1




Ilustración 9: Perfil transversal 2




Ilustración 10: Perfil transversal 3






Ilustración 11: Perfil transversal 4




Ilustración 12: Perfil transversal 5




Ilustración 13: Perfil transversal 6






Ilustración 14: Perfil transversal 7




Ilustración 15: Perfil transversal 8




Ilustración 16: Perfil transversal 9






Ilustración 17: Perfil transversal 10




Ilustración 18: Perfil transversal 11




Ilustración 19: Perfil transversal 12






Ilustración 20: Perfil lonxitudinal




Ilustración 21: Perspectiva XYZ






Ilustración 22: Lámina de auga para un período de retorno de 500 anos.

3. AFECCIÓN AO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

3.1. Zonas de inundación

Segundo a información aportada por Augas de Galicia, nos mapas inundables fluviais para o ciclo 2021-2027 ou nos mapas de perigosidade por inundación fluvial, na zona de estudo non existen canles que poidan supoñer zonas de inundación.

4. CONCLUSIÓN

A sección proxectada para a canalización do rego no seu percorrido natural, é suficiente para conducir unha enchente calculada para 500 anos de retorno.

Lugo, 9 de decembro de 2020

Victor Manuel de la Cruz Vigo
Enxeñeiro agrónomo





01.- CONCELLO PALAS DE REI

(Saneamento, abastecemento, e alumeado público)



01.01.- ESCRITO XESTUR



SC20-0738
09/11/2020
Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A

galicia

CONCELLO DE PALAS DE REI
Avda. Compostela nº 28
27200 Palas de Rei (Lugo)

ASUNTO: PROXECTO SECTORIAL DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI-LUGO. FASE III

Manuel Angel López Real, con DNI nº 33.319.439-Y, actuando na súa calidade de Coordinador da Unidade Territorial Norte de XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA, XESTUR S.A., con CIF A-70392758, e domicilio a efecto de notificacións na Ronda de Nelle 12 bis, 1º, 15005 A Coruña, cuías facultades lle foron conferidas en escritura de poder outorgada o 8 de marzo de 2019, baixo o número 264 do protocolo do notario de Santiago Don Héctor Pardo García, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela ó Tomo 218, Folio 104, Hoja SC-47082, Inscripción 40,

EXPÓN

Que por ser XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA – XESTUR, S.A. promotora do "PROXECTO SECTORIAL DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI-LUGO. FASE III".

SOLICITO

Que en consonancia cos arts. 68.g) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e 162.g) e 185.2 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, emitan os seus servizos técnicos INFORME DE SUFICIENCIA DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES E PREVISTOS no ámbito de actuación e se indique as medidas necesarias a ter en conta no proxecto técnico, así como o punto de entronque, relativa as REDES DE ABASTECIMENTO, VERQUIDO AUGAS RESIDUAIS, VERQUIDO AUGAS PLUVIAIS e ALUMEADO PÚBLICO.

A tal efecto, apórtase documentación gráfica, datos urbanísticos e cálculo da demanda necesarios para o seu estudo.

En Lugo, a 9 de novembro de 2020

Atentamente

Asdo.: Manuel Ángel López Real
Coordinador Unidade Territorial Norte

Firmado por MANUEL ANGEL LOPEZ REAL -
33319439Y el día 09/11/2020 con un
certificado emitido por AC CAMERFIRMA
FOR NATURAL PERSONS - 2016



DATOS URBANÍSTICOS E CÁLCULO DA DEMANDA NECESARIOS PARA O SEU ESTUDO

CARACTERÍSTICAS DA AMPLIACIÓN

PROXECTO SECTORIAL PARQUE EMPRESARIAL PALAS DE REI (LUGO) FASE III	Nº Parcela	Superficie Parcela (m ²)	Superficie ocupación (m ²)	Aproveitamento
S.U. INDUSTRIAL	P01	1.160,00	866,00	1.732,00
	P02	1.185,00	1.003,00	2.006,00
	P03	1.600,00	1.178,00	2.356,00
	P04	1.620,00	1.379,00	2.758,00
	P05	1.650,00	1.410,00	2.820,00
	P06	1.660,00	1.430,00	2.860,00
	P08	1.590,00	1.231,00	2.462,00
	P09	1.100,00	954,00	1.908,00
	P10	1.260,00	1.025,00	2.050,00
	P11	1.260,00	1.025,00	2.050,00
	P12	1.260,00	1.025,00	2.050,00
	P13	1.260,00	1.025,00	2.050,00
	P14	1.260,00	1.025,00	2.050,00
	P15	1.260,00	1.025,00	2.050,00
	P16	1.470,00	1.025,00	2.050,00
	LUCRATIVO		20.595,00	16.626,00
S.U. EQUIPAMENTO	P7	1.530,00	1.375,00	2.750,00
Z.V.	P17	9.191,00		
VIARIO		6.195,40		
S.U. DEPORTIVO	P18	696,00		
TOTAL		38.207,40		36.002,00

ABASTECIMIENTO

Se adopta o ratio de 0,5 l/s/Ha para consumo medio de auga establecido na Instrución Técnica para obras hidráulicas de Galicia, no apartado Dotacións e caudais de auga en sistemas de abastecemento a poboacións (ABA-1/1).

Cálculo consumo diario

Q_d: consumo diario

dotación x superficie parcelas x día = CD m³

0,5 l/s/Ha. x 2,3 Ha. x 86.400 s/día = 99,36 m³

Cálculo caudal

Q_A: caudal de abastecemento


